

ERRIBA
PROXECTO

SØREN HAUSER

TONI NEGRI:
DA REVOLTA ITALIANA
Á POTENCIA DA MULTITUDE



MATERIAIS E FERRAMENTAS

PROCOMÚN

proxecto.derriba.org



MATERIAIS E FERRAMENTAS

PROCOMÚN

Co obxectivo de avanzar na forxa dunha linguaxe e un vocabulario específico en galego que se faga cargo da problemática filosófico-política contemporánea; e co obxectivo, así mesmo, de afastarse da mera tradución do castelán no que a este punto respecta, propoñemos unha liña de textos monográficos sobre autores contemporáneos dirixidos tanto ao público universitario en xeral, como aos docentes de Filosofía que poidan ser empregados para iniciar unha investigación propia na obra dun autor, para cubrir un baleiro específico dentro da teoría en lingua galega, e ao mesmo tempo para poder dispoñer dunha escolma de textos do autor e para fixar un vocabulario conceptual inexistente en galego. Os textos os elaboran os investigadores/as do colectivo **Proxecto Derriba** tratando de que a precisión técnica e contemporaneidade non sexan un impedimento para o seu carácter pedagóxico.

SØREN HAUSER

Apareceu un frío día de Outono de 1978 pola Rabaza e ninguén sabe de certo de onde provén. Segundo da saga dos irmáns Hauser é investigador, músico e xornalista ocasional de Diagonal. Colabora co grupo *Decontra* e desenvolve as súas investigacións no departamento de Filosofía e Filosofía moral e política da UNED. Cando lle da por cavilar as súas teimas adoitan achegarse á deconstrución, á postmodernidade e ao postmarxismo, aínda que comezou a súa andaina filosófica realizando unha experiencia vivencial da filosofía de Kierkegaard e investigando xunto aos seus irmáns Oskar, Giacomo e Frank a repercusión da mitoloxía no concepto de comunidade. De aí houbo só un paso ate o encontro da comunidade sen comunidade e o non-lugar. Así, desenvolveu a relación entre utopía e imposíbel en Jameson e Derrida da man do inesquecível Paco Vidarte, convertido hoxe nun dos seus non-lugares máis especiais. Actualmente investiga as repercusións políticas do postestruturalismo francés, e segue sendo aficionado a morar en lugares imposíbeis, entre a ciencia-ficción, a banda deseñada e a utopía política.

Contacto: sorenhausers@proxectoderriba.org



NOTA:

O contido deste traballo foi pensado e amplamente discutido cos meus irmáns Giacomo e D@n e a súa forma responde a un esforzo feito polo meu irmán Oskar. A todos eles o meu agradecemento e recoñecemento.

ÍNDICE

- CRONOLOXÍA..... pp. 6-19
- ABREVIATURAS DAS OBRAS USADAS..... pp. 20-21
- INTRODUCCIÓN AO PENSAMENTO..... pp. 23-58
- ANTOLOXÍA DE TEXTOS..... pp. 60-90
- BIBLIOGRAFÍA..... pp. 92-104

CRONOLOGÍA

Negri

Contexto italiano

Acontecementos culturais e socio-políticos

1933: Antonio Negri nace en Padua (Italia).

1933: Primeiro encontro Hitler-Musolini.

1933: Hitler, chanceler de Alemaña.

1938: Sartre publica *A náusea*. Morre Husserl. Disolución do Círculo de Viena.

1939: Morre Freud. Comezo da ditadura de Franco. Comezo da 2ª guerra mundial.

1941: Marcuse publica *Razón e revolución*. Ataque xaponés a Pearl Harbour.

1943: Caída de Musolini.

1943: Sartre publica *O ser e a nada*.

1944: Adorno e Horkheimer publican *Dialéctica da ilustración*. Desembarco aliado en Normandía. Liberación de Paris.

1945: Merleau-Ponty publica *Fenomenoloxía da percepción*. Bombas atómicas sobre Hiroshima e Nagasaki: Capitulación de Alemaña e Xapón. Creación da ONU e a UNESCO.

1946: Comeza o goberno da reconstrución nacional.

1946: Sartre publica *O existencialismo é un humanismo*.

1947: Heidegger publica *Carta sobre o humanismo*.

1948: Os EE. UU., perante as eleccións italianas, chaman a votar a *Democracia Cristiá* e non aos comunistas, aos que acusan de se-la peor opción. DC obtén o 48.5% dos votos.

1948: Asasinato de Gandhi. Declaración do Estado de Israel e primeira guerra árabe-israelí. Creación da OTAN.

1949: Adhesión ao “Pacto atlántico”. Forma parte do Consello de Europa.

1949: República popular China. División de Alemaña.

1950: Durante a adolescencia foi militante da GIAC (Gioventú Italiana di Azione Cattolica), como Umberto Eco e outros intelectuais italianos.

1954: Inscríbese no PSIUP [partido que se integraría posteriormente no PSI (Partido Socialista Italiano)] de Padua, que posuía a maioría do movemento obreiro, en virtude da grande concentración industrial da zona. No mesmo ano recibe unha bolsa para estudar en La Sorbona onde segue cursos de Alquié, Gurvitch, Bachelard, Merleau-Ponty ou Hyppolite. No Istituto Croce de Nápoles estuda con Chabod e Garin. Tamén cabe resalta-los estudos en Alemaña, con Bloch e outros, nas Universidades de Tubinga, Friburgo, Heidelberg, Hannover, Munich e Francfort.

1956: Licénciase en Filosofía pola Universidade da súa cidade natal cunha tese sobre o historicismo alemán. Tamén exerce de director da revista *Il Bó*, órgano de expresión dos estudantes da Universidade de Padua.

1957: Profesor «asistente» de Filosofía do Dereito na Facultade de Xurisprudencia; profesor en Ciencias Políticas.

1954: Forma parte da Unión da Europa Occidental.

1957: Forma parte da CEE.

1950: Heidegger publica *Camiños de bosque*. Guerra en Corea.

1954: Independencia de Indochina. Principio da guerra de Alxeria.

1955: Lévi-Strauss publica *Tristes trópicos* e Marcuse *Eros e civilización*. Morre Ortega. Pacto de Varsovia.

1956: Independencia de Tunisia e Marrocos.

1957: Heidegger publica *Identidade e diferenza* e Ricoeur *Da interpretación*. Inicio da era espacial: *Sputnik I* (URSS). Creación do mercado común.

1958: Obtén a praza de profesor («libero docente») de Filosofía do Dereito na Universidade de Padua. Publica *Stato e diritto nel giovane Hegel : studio sulla genesi illuministica della filosofia giuridica e politica di Hegel*.

1959: Inicio da experiencia política vinculada á creación por parte de Raniero Panzieri dos *Quaderni Rossi*. É elixido concelleiro municipal polo PSI. Convértese en editor do *Il Progresso Veneto*, a revista do PSI veneciano. Publica *Saggi sullo storicismo tedesco : Dilthey e Meinecke*.

1962: Publica *Alle origini del formalismo giuridico : studio sul problema della forma in Kant e nei giuristi kantiani tra il 1789 e il 1802*.

1963: Funda *Classe Operaia* xunto a Mario Tronti, Romano Alquati e Sergio Bologna entre outros. Cando o PSI realiza a súa primeira coalición coa DC, para formar un goberno de centro-esquerda, abandona o partido. Xunto á súa muller Paola Meo e Massimo Cacciari organizan

1959: Fundación dos *Quaderni Rossi*.

1962: En xuño, primeira «folga salvaxe» na fábrica Fiat de Turín. Enfrontamentos de *Piazza Statuto*.

1963: Escisión dos *Quaderni Rossi*. Fundación de *Classe Operaia*. Comeza o *obreirismo* italiano.

1958: Lévi-Strauss publica *Antropología estructural*.

1959: Heidegger publica *De camiño á fala*. Triunfo da revolución cubana.

1960: Gadamer publica *Verdade e método* e Sartre *Crítica da razón dialéctica*. J. F. Kennedy, presidente dos EE. UU.

1961: Lévinas publica *Totalidade e infinito* e Heidegger *Nietzsche*. Construción do Muro de Berlín.

1962: Deleuze publica *Nietzsche e a filosofía* e Aubenque *O problema do ser en Aristóteles*. Crise dos mísiles en Cuba.

1963: Asasinato de Kennedy.

seminarios sobre *O Capital* de Marx para os obreiros do complexo industrial de Porto-Marghera.

1964: Publica *Alcune riflessioni sullo "stato dei partiti"*.

1966: Disolución do movemento creado arredor de *Classe Operaia* sobre a cuestión da organización obreira; escisión entre os obreiristas, entre os que apostan por unha renovación do PCI e os que formulan unha organización distinta do movemento obreiro tradicional. Negri sitúase entre os segundos.

1967: Participa na formación do primeiro grupo obreiro *Potere Operaio* de Venecia. Convértese en catedrático de Teoría do Estado na Facultade de Ciencias Políticas de Padua, e en director do Instituto de Ciencias Políticas de Padua, onde dirixe algunhas importantes investigacións para o CNR (Centro Nazionale della Ricerca).

1968: Publica *Marx sul ciclo e la crisi : note*.

1966: Disolución de *Classe Operaia*.

1967: fundación de *Potere Operaio* de Venecia.

1968: Movemento estudantil. Desenvolvemento dos grupos terceiro-mundistas, maoístas, trotskistas. «Maio quente», en Italia.

1969: En outono:

1964: Lacan publica *Os catros conceptos fundamentais da psicanálise* e Merleau-Ponty *O visíbel e o invisíbel*. Sartre rexeita o Premio Nobel. Comezo da guerra do Vietnam.

1965: Deleuze publica *Nietzsche*. Asasinato de Malcolm X.

1966: Foucault publica *As palabras e as cousas*, Adorno *Dialéctica negativa* e Lacan *Escritos*. Revolución cultural china.

1967: Derrida publica *Da gramatoloxía e A escrita e a diferenza*; Horkheimer *Crítica da razón instrumental*. Ditadura dos coroneis en Grecia. Guerra dos Seis días.

1968: Deleuze publica *Spinoza e o problema da expresión* e Habermas *Coñecemento e interese*. «Maio francés». Primavera de Praga.

1969: Deleuze publica

	<p>Renovación das negociacións colectivas, marcada por importantes loitas obreiras e polos movementos de ocupación de casas. Fundación dos grupos nacionais <i>Potere Operaio</i>, e despois <i>Lotta Continua</i>. O 12 de decembro de 1969: <i>Strage di Stato</i> (masacre de Estado); «estratexia da tensión». O anarquista Pietro Valpreda é acusado e encarcerado dous anos inxustamente.</p>	<p><i>Diferenza e repetición e Lóxica do sentido</i>. Chegada do ser humano á lúa.</p>
<p>1970: Publica <i>DP</i>.</p>	<p>1970: Desenvolvemento do movemento dos delegados de empresa. Nacemento das confederacións unitarias de sindicatos.</p> <p>1971: Fundación das <i>Brigate Rosse</i> a partir do movemento estudantil da esquerda católica da Universidade crítica de Trento, e de antigos membros das organizacións xuvenís do PCI. Primeira aparición das <i>Brigate Rosse</i> nas loitas da fábrica Pirelli de Milán.</p>	<p>1970: Deleuze publica <i>Spinoza e Foucault Theatrum philosophicum</i>. Salvador Allende, presidente de Chile.</p>
<p>1972: Director da colección «Materiali Marxisti» da Editorial Feltrinelli. Publica <i>Crisi dello Stato-piano : comunismo e organizzazione rivoluzionaria</i>; e <i>Zyklus und Krise bei Marx</i>.</p>		<p>1972: Derrida publica <i>Marxes da filosofía, A diseminación e Posicións</i>; Deleuze e Guattari <i>O Antiedipo</i> e Guattari <i>Psicanálise e transversalidade</i>.</p>
<p>1973: Funda <i>Autonomia Operaia</i>.</p>	<p>1973: En primavera, semana de loitas na fábrica Fiat de Turín, coa ocupación e paralización do establecemento. En verán, disolución do grupo <i>Potere Operaio</i> no congreso de Rosolina. Inicio da <i>Autonomia Operaia</i>.</p>	<p>1973: Golpe de estado de Pinochet en Chile.</p>

1974: Colabora no xornal *Rosso*. Publica *COO*.

1974: Aparición en Milán do xornal político *Rosso*, que se converte no punto de referencia máis importante da *Autonomía Operaia* no norte de Italia. En setembro, ao ano do golpe de Estado en Chile, Enrico Berlinguer anuncia a estratexia do *Compromiso histórico*, que exclúe a posibilidade dun Goberno de unidade da esquerda en Italia ao non contar máis que co 51% de votos de maioría. En outono prodúcense as loitas pola autoredución das tarifas eléctricas. Movemento de ocupación de casas no barrio de San Basilio en Roma.

1975: Desenvolvemento dos movementos sociais, culturais e políticos que emanan da *Autonomía*. Aparición dos movementos dos novos proletarios nas grandes cidades. Disolución do grupo extraparlamentario *Lotta Continua*. Alteración dos principios mediante a introdución de regras de excepción no sistema xudicial italiano.

1976: Publica *Proletari e stato : per una discussione su autonomia operaia e compromesso storico; e FSL*.

1977: A causa dunhas investigacións xudiciais no Instituto de Ciencia Políticas vese obrigado a marchar de Italia, pasando a ser encargado de curso na Universidade de París VIII (*Jussien*), e na École Normale Supérieure, xunto a Louis Althusser. Aclarada a situación retorna a Italia.

1976: Aparición de *Radio Alice*, primeira radio libre italiana.

1977: En primavera, eclosión do movemento dos *Emarginati* (Marxinados) en tódalas cidades italianas. Os movementos culturais post-68 coñecen unha expansión sen precedentes. Manifestacións, violentos enfrontamentos en Boloña, presentados como «o escaparate do Compromiso

1974: Derrida publica *Glas*. «Revolución dos caraveis» en Portugal. Escándalo do Watergate.

1975: Foucault publica *Vixiar e castigar*. Morre Franco. Fin da guerra do Vietnam.

1976: Morre Heidegger. Matanza en Soweto. Comezo da ditadura militar arxentina.

1977: Deleuze publica *Diálogos* e Guattari *A revolución molecular*. Primeiras eleccións xerais en España.

Publica *La forma Stato : per la critica dell'economia politica della Costituzione*.

histórico». Trala morte dun militante de extrema esquerda, grandes manifestacións en toda Italia. Frecuente aparición pública de armas. Lama, secretario xeral da CGIL (Confederazione Generale Italiana del Lavoro) é expulsado da Universidade de Roma polo movemento. Ruptura radical –cando os lazos non romperan nunca de todo dende 1968-1969– dos movementos sociais e da extrema esquerda extraparlamentaria co PCI. En setembro, concentración internacional contra a represión, en Boloña, en resposta a un chamamento de intelectuais franceses (entre eles Foucault, Deleuze e Guattari).

1978: Publica *Manifattura, societa borghese, ideologia* (con F. Borkenau e H. Grossmann); e *Il dominio e il sabotaggio : sul metodo marxista della trasformazione sociale*.

1978: Situación de bloqueo no plano institucional. Exasperación das loitas sociais. Multiplicación dos grupos armados (*NAP, Prima Linea*). Explosión do terrorismo. 16 de marzo de 1978: Secuestro de Aldo Moro, home clave de DC, o día da investidura do primeiro Goberno que dende finais de 1947 se beneficiaba do apoio explícito do PCI e de DC. Morren cinco homes da escolta. O corpo de Moro será achado nun coche, a metade de camiño entre as sedes dos dous grandes partidos políticos italianos. Crise da *Autonomía*, hexemonía das *Brigate Rosse* sobre o movemento.

1978: Apróbase a Constitución española.

<p>1979: Publica <i>OPOS</i> e <i>MOM</i>. O 7 de abril é detido xunto a 67 compoñentes da <i>Autonomía</i>, baixo a aplicación das leis de emerxencia. É acusado de se-lo xefe dunha organización única, que comprende un brazo político (a <i>Autonomía Operaia</i>) e un brazo armado (as <i>Brigate Rosse</i>), de se-lo organizador do secuestro e asasinato de Moro, así como de «insurrección armada contra os poderes do Estado».</p>	<p>1979: Comezo do caso do 7 de abril. 17 de decembro: Primeira <i>Lei Cossiga</i> (entón presidente do Consello), que prolonga de seis a once anos o máximo da detención preventiva autorizada en caso de delitos de terrorismo, e concede a impunidad aos «arrepentidos». 21 de decembro: Como consecuencia da «confesión» de Fioroni, o primeiro arrepentido, condenado en primeira instancia a 28 anos de prisión por secuestro e asasinato, desátase a segunda grande onda represiva contra a <i>Autonomía</i>.</p>	<p>1979: Lyotard publica <i>A condición postmoderna</i>, Guattari <i>O inconsciente maquínico</i>, Lévinas <i>O tempo e o outro</i> e Rorty <i>A filosofía e o espello da natureza</i>. A URSS invade Afganistán. Réxime fundamentalista islámico de Jomeini en Irán. Thatcher, primeira ministra británica.</p>
<p>1980: Publica <i>Il comunismo e la guerra</i>; e <i>Politica di classe. Il motore e la forma. Le cinque campagne oggi</i>.</p>	<p>1980: En outono, apoxeo da ofensiva terrorista. Centos de detencións en Milán e noutras cidades do Norte tralas «confesións» doutro arrepentido. Marco Barbone, asasino do xornalista Tobagi. Segunda <i>Lei Cossiga</i>, que reforza a lexislatura a favor dos «arrepentidos». En decembro, revolta na prisión de Trani, acompañada polo secuestro dun alto maxistrado a mans das <i>Brigate Rosse</i>.</p>	<p>1980: Deleuze e Guattari publican <i>Mil mesetas</i>, Derrida <i>A carta postal</i> e Vattimo <i>As aventuras da diferenza</i>. Asasinato de John Lennon. Guerra Irán-Irak. Reagan, presidente dos EE. UU.</p>
<p>1981: Publica <i>AS</i>.</p>	<p>1981: En febreiro, a confesión de Fabrizio Peci, membro da dirección estratéxica das <i>Brigate Rosse</i>, é feita pública (fora realizada a comezos de 1980). Coñécese mellor a estrutura da organización; tralas revelacións de Peci a organización terrorista sofre un primeiro desmantelamento serio.</p>	<p>1981: Habermas publica <i>Teoría da acción comunicativa</i>. Morre Lacan. Tentativa de golpe de Estado en España. Mitterrand, presidente francés. Derrida é encarcerado en Praga e liberado por mediación de Mitterrand. Estatuto de Galiza.</p>
<p>1982: Publica <i>MT</i>.</p>	<p>1982: En xaneiro, secuestro en Padua do xeneral</p>	<p>1982: Guerra das Malvinas. Matanza de palestinos en</p>

	americano Dozier, que traballa para a OTAN. Dozier é posto en liberdade pola policía. Detención de Antonio Savasta, organizador do secuestro, que se «arrepinte» de inmediato. As súas confesións provocan o segundo desmantelamento das <i>Brigate Rosse</i> . En verán, traslado dos acusados do 7 de abril á prisión normal de Rebibbia, mentres que un documento asinado por 51 detidos acusados de «terrorismo» toma postura a favor do abandono da loita armada.	Chabra e Chatila. O PSOE gaña as eleccións españolas.
1983: É elixido deputado polo PRI (Partito Radicale Italiano) e sae do cárcere grazas á inmunidade parlamentaria. Pouco tempo despois o Parlamento levántalle a devandita inmunidade, e Negri foxe a Francia. Membro do College International de Philosophie. Publica <i>PL</i> .	1983: O 24 de febreiro comeza o proceso do 7 de abril en Roma. 25-26 de xuño, eleccións políticas xerais en Italia.	1983: Deleuze publica <i>A imaxe-movemento</i> e Vattimo <i>O pensamento débil</i> . Asasinato de Indira Gandhi.
1984: En xuño, xuízo de primeira instancia da Audiencia de Roma, que o condena a 30 anos de prisión. Publica <i>Italie rouge et noire</i> .	1984: En primavera, Carlo Fioroni, principal testemuña da acusación contra Negri, co que xamais se atopou durante toda a instrución, non se presenta a declarar. En resposta ás interpretacións parlamentarias sobre o pasaporte que lle foi concedido pola presidencia do Consello de entón (Spadolini), alégase que pertence dende agora aos servizos secretos italianos. Desaparece así a testemuña nº 1.	1984: Derrida publica <i>A filosofía como institución</i> e Lyotard <i>A diferenza</i> .
1985: Publica <i>Diario di un'evasione</i> ; e <i>Les Nouveaux</i>	1985: Cossiga presidente. Absolvidos tódolos	1985: Deleuze publica <i>A imaxe-tempo</i> e Vattimo <i>A fin</i>

<p><i>espaces de liberté</i> (con Félix Guattari) [VN].</p>	<p>imputados da <i>Strage di Stato</i>. Catástrofe da mina de Prestavel. Atentado de Abu Nidal en Fiumicino.</p>	<p><i>da modernidade</i>. Gorbachov, líder da URSS. Portugal e España entran na CEE.</p>
<p>1987: Publica <i>FS e Lenta ginestra : saggio sull'ontologia di Giacomo Leopardi</i>.</p>	<p>1987: <i>Maxiproceso</i> contra a mafia en Palermo.</p>	<p>1987: Derrida publica <i>Psyché: invencions do outro</i> e Butler <i>Suxeitos de desexo</i>. «Perestroika». Firma do primeiro acordo sobre desarme. Comezo da primeira «intifada» palestina. Tripartito comandado polo PSG en Galiza.</p>
<p>1988: Publica <i>Fine seculo: un manifesto per l'operaio sociale</i>.</p>	<p>1988: Escándalo da <i>cárcere de ouro</i>, dous ministros acusados de ser subornados por favorecer a empresas arrendadoras. Escándalo da <i>saba de ouro</i>, que envolve de corrupción á empresa ferroviaria estatal.</p>	<p>1988: Deleuze publica <i>O pregue</i>.</p>
<p>1990: Funda en París a revista <i>Futur Antérieur</i>. Publica <i>LG</i>.</p>	<p>1989: Primeira carta do “Corvo de Palermo”, criticando dende dentro do equipo antimafia o facer do xuíz Falcone. Asasinado o ex-presidente da empresa ferroviaria estatal.</p>	<p>1989: Guattari publica <i>Cartografías esquizoanalíticas</i> e <i>As tres ecoloxías</i> e Žižek <i>O sublime obxecto da ideoloxía</i>. Primeiras eleccións democráticas na URSS. Matanza de Tiananmen. Cae o muro de Berlín. Fraga gaña as eleccións galegas.</p>
<p>1992: Reside en París, totalmente indocumentado, onde ensina Ciencia Política</p>	<p>1992: O xuíz Falcone e o maxistrado Borsellino son asasinados. Atentados na</p>	<p>1990: Liberación de Nelson Mandela. Desintegración da URSS. Fin da ditadura de Chile.</p> <p>1991: Jameson publica <i>Teoría da postmodernidade</i> e Deleuze e Guattari <i>Que é a filosofía?</i> Guerra do golfo. Proclamación da fin do «apartheid» en Suráfrica. Firma do tratado de Maastricht.</p> <p>1992: Morre Guattari. Guerra na ex-Iugoslavia. Clinton, presidente dos EE. UU.</p>

na Universidade de París VIII. Realiza algunhas investigacións para diversos ministerios en Francia e colabora habitualmente co xornal español *El Mundo*. O goberno francés tolera a súa presenza pero négase a tramitarlle o permiso de residencia. Negri ten pendentes varios xuízos e unha condena perpetua por delito de opinión («subversión contra o Estado»), determinado sen máis probas que a interpretación dos seus escritos e as declaracións dun arrepentido, irregularidades denunciadas por Amnistía Internacional. Tódolos condenados no xuízo do 7 de abril atópanse xa fóra de prisión. Publica *SS* e *PC*.

1993: Publica *Des Entreprises pas comme les autres, Benetton en Italie* (con Maurizio Lazzarato, Yann Moulier-Boutang e G. Santilli).

1994: Publica *LD*.

1996: Publica *TI* e *L'inverno*

Toscana e en Lazio. Proceso das “Mani puliti” comandado polo xuíz Antonio di Pietro.

1994: Berlusconi gaña as eleccións.

1996: Institúese a Comisión

1993: Derrida publica *Espectros de Marx*, Lévinas *Deus, a morte e o tempo*, Lyotard *Moralidades postmodernas* e Rawls *O liberalismo político*. Nace a Unión Europea.

1994: Derrida publica *Forza de lei* e *Políticas da amizade* e Jameson *As sementes do tempo*. Revolta zapatista en Chiapas. Mandela gaña as eleccións en Suráfrica. Guerra civil en Ruanda.

1995: Morren Deleuze e Lévinas. Derrida publica *Mal de archivo*. Matanza de refuxiados hutus. Chirac gaña as eleccións en Francia. Asasinato de Isaac Rabin. Nacemento do euro.

1996: Derrida publica *O*

<p><i>è finito : scritti sulla trasformazione negata, 1989-1995.</i></p>	<p>Bicameral co obxectivo de reforma-la constitución sobre bases federalistas.</p>	<p><i>monolingüismo do outro, Aporías, Ecografía da televisión e Resistencias da psicanálise.</i> O PP gaña as eleccións en España.</p>
<p>1997: En xullo regresa a Italia coa intención de forzar unha amnistía pero é encarcerado de novo na prisión de Rebibbia (Roma) baixo o réxime de terceiro grao. Publica <i>CT</i> e <i>LR</i>.</p>		<p>1997: Blair, primeiro ministro británico. Guerra civil en Zaire.</p>
<p>1998: Publica <i>Spinoza</i>.</p>		<p>1998: Morre Lyotard. Jameson publica <i>O xiro cultural</i> e Žižek <i>O espectro segue a roldar</i>. Acordo de paz no Ulster. Chávez gaña as eleccións en Venezuela. Inicio da crise de Kosovo.</p>
		<p>1999: Žižek publica <i>O espiñento suxeito. O centro ausente da ontoloxía política</i>. Xuízo contra Clinton. Masacre do instituto Columbine. Segunda guerra chechena. Inicio dos movementos antiglobalización en Seattle.</p>
<p>2000: Retíraselle o terceiro grao e pasa a arresto domiciliario. Funda co mesmo equipo de <i>Futur Antérieur</i> a revista <i>Multitudes</i>. Publica <i>E</i> e <i>KAVM</i>.</p>		<p>2000: Butler, Laclau e Žižek publican <i>Continxencia, hexemonía, universalidade</i>. Putin é escollido presidente en Rusia. 2ª intifada palestina. George W. Bush, presidente dos EE. UU.</p>
<p>2001: Publica <i>Desiderio del mostro : dal circo al laboratorio alla politica</i> (con U. Fadini e Charles T. Wolfe).</p>	<p>2001: Berlusconi, primeiro ministro. Movementos antiglobalización en Génova. A policía asasina a Carlo Giuliani.</p>	<p>2001: Sharon gaña as eleccións en Israel. Atentados das torres xemelgas en Nova Iorque. Invasión de Afganistán. «Corralito» en Arxentina. Detención de Milosevic.</p>
<p>2002: Publica <i>Du retour : abécédaire biopolitique : entretiens avec Anne Dufourmantelle</i>.</p>	<p>2002: Italia declara o Estado de emerxencia para combater-la inmigración ilegal.</p>	<p>2002: Jameson publica <i>Unha modernidade singular</i> e Žižek <i>A propósito de Lenin</i>. Morre Pierre Bordieu.</p>

2003: Negri sae excarcerado.
Publica *G*; *L'Europa e l'impero : riflessioni su un processo costituente*; *Kritik der Weltordnung : Globalisierung, Imperialismus, Empire*; *Cinque lezioni di metodo su moltitudine e impero*; *Luciano Ferrari Bravo ritratto di un cattivo maestro : con alcuni cenni sulla sua epoca e Diálogo sobre la globalización, la multitud y la experiencia argentina.*

2004: Publica *M*.

2005: Publica *La differenza italiana.*

2006: Publica *Movimenti nell'impero : passaggi e paesaggi*; *Fabrique de porcelaine : pour une nouvelle grammaire du*

2006: Prodi gaña as eleccións.

Circulación do euro.
Tentativa de Golpe de Estado en Venezuela. Lula, presidente de Brasil.
Afundimento do *Prestige*.

2003: Invasión de Irak.
Constitúese na Haia o Tribunal Penal Internacional.

2004: Morre Derrida. Butler publica *Desface-lo xénero*.
Atentados no metro de Madrid. Zapatero gaña as eleccións españolas. Fírmase o tratado para unha Constitución europea.
Tsunami en Indochina.

2005: Morre Ricoeur.
Jameson publica *Arqueoloxías do futuro*.
Asasinato de Hariri no Líbano. Protocolo de Kioto.
Tabaré Vázquez, primeiro presidente esquerdista de Uruguai. Morre Xoán Paulo II. Ratzinger: Benedito XVI.
Furacán Katrina. O PP perde as eleccións en Galiza logo de 15 anos no poder.

2006: Evo Morales gaña as presidenciais de Bolivia.
Hamás consegue a maioría dos escanos nas eleccións lexislativas palestinas. Sharon

politique; Global : biopoder y luchas en una América latina globalizada (con Giuseppe Cocco); *Goodbye Mr. Socialism e Europa politica. Ragioni di una necessità* (con Peter Wagner).

2008: Publica *Dalla fabbrica alla metropoli: saggi politici.* 2008: Berlusconi, de novo primeiro ministro.

sofre unha hemorraxia cerebral: Olmert, primeiro ministro. Crise de Timor Oriental. Guerra do Líbano. Fidel Castro delega a presidencia en Raúl Castro. Golpe de Estado en Tailandia. Correa gaña en Ecuador. Morren Pinochet, Milosevic e Saddam Hussein, este último *axustizado* na forca.

2008: Crise das hipotecas *subprime* en EE. UU. e consecuente crise económica xeral. Obama gaña as eleccións en EE. UU. Kosova declara a súa independencia de Serbia. Fidel renuncia oficialmente á presidencia de Cuba. A sonda *Phoenix* aterriza en Marte. Revoltas estudantís en Grecia.

Abreviaturas das obras usadas

- *AS* *L'anomalia selvaggia : saggio su potere e potenza in Baruch Spinoza. Milano. Feltrinelli, 1981.*
- *COO* *Crisi e organizzazione operaia (con Sergio Bologna e Paolo Carpignano). Milano. Feltrinelli, 1974.*
- *CT* *La costituzione del tempo : prolegomeni : orologi del capitale e liberazione comunista. Roma. Manifestolibri, 1997.*
- *DP* *Descartes politico o della ragionevole ideologia. Milano. Feltrinelli, 1970.*
- *E* *Empire (con Michael Hardt). Cambridge (MA) ; London. Harvard university press, 2000.*
- *FS* *Fabbriche del soggetto. Profili, protesi, macchine, paradossi, passaggi, sovversioni, sistemi, potenze: appunti per un dispositivo ontologico. Livorno, XXI Secolo Bimestrale di politica e cultura, núm. 1, settembre-ottobre 1987.*
- *FSL* *La fabbrica della strategia : 33 lezioni su Lenin. Padova. Cooperativa libraria editrice degli studenti di Padova ; Collettivo editoriale librirossi, c1976, stampa 1977.*
- *G* *Guide : cinque lezioni su impero e dintorni (con Michael Hardt e Danilo Zolo). Milano. R. Cortina, 2003.*
- *ICS* *"Interpretation of the class situation today: methodological aspects", en Bonnefeld, W., Gunn, R. and Psychopedis, K. (eds.): Open Marxism, Volume II, Theory and practice. London & Boulder/Colorado. Pluto Press, 1992.*
- *KAVM* *Kairòs, alma venus, Multitudo: nove lezioni impartite a me stesso. Roma, Manifestolibri, 2000.*
- *LD* *Labor of Dionysus. A critique of the State Form (con Michael Hardt). Minneapolis (MA), University Minnesota Press, 1994*
- *LG* *Il lavoro di Giobbe : il famoso testo biblico come parabola del lavoro umano. Milano. Sugar & Co., 1990.*

- *LR* *I libri del rogo. Roma. Castelveccchi, 1997.*
- *M* *Multitude. War and democracy in the age of Empire (con Michael Hardt). New York, The Penguin Press, 2004.*
- *MOM* *Marx oltre Marx : quaderno di lavoro sui Grundrisse. Milano. Feltrinelli, 1979.*
- *MT* *Macchina tempo : rompicapi, liberazione, costituzione. Milano. Feltrinelli, 1982.*
- *OPOS* *Dall'operaio massa all'operaio sociale: intervista sull'operaismo. Milano. Multhipla, 1979.*
- *PC* *Il potere costituente : saggio sulle alternative del moderno. Carnago. Sugar & Co., 1992.*
- *PL* *Pipe-line : lettere da Rebibbia. Torino. Einaudi, 1983.*
- *SS* *Spinoza sovversivo: variazioni (in)attuali. Roma. A. Pellicani, 1992..*
- *TI* *La Bassin de travail immatériel dans la métropole parisienne (con Maurizio Lazzarato e Antonella Corsani). Paris. L'Harmattan, 1996.*
- *VN* *Le veritá nomadi. Per nuovi spazi di libertá (con Félix Guattari). Roma, Antonio Pellicani Editore, 1989.*

INTRODUCCIÓN AO PENSAMENTO

I.

Sempre que temo-la pretensión ou o desexo de acceder ás claves do pensamento dun autor debemos fixarnos especialmente tanto na súa biografía coma nas súas influencias. Isto é básico para contextualiza-la súa obra. Pero no caso de Toni Negri convértese na chave coa que podemos acceder polo menos ao motivo polo que tódalas súas aspiracións son as que son e pretenden o que pretenden. E a biografía de Negri non é banal por moitos motivos. Negri vive en primeira persoa o proceso de transformación e creación colectiva que se produce en Italia durante as décadas que comprenden os anos 60 e 70, e que se coñecen co sobrenome de *Laboratorio italiano*.

Neses anos Italia vive unha grande convulsión baseada en varios factores.

En primeiro lugar falamos dun país cunha produción industrial naqueles anos verdadeiramente importante, como se pode comprobar nos seguintes datos:

En Turín andan as fábricas da Fiat (150.000 traballadores), Lancia e Michelin, en Venecia está Porto Marghera (sector petroquímico, con fábricas como a Chatillon ou a Montedison, 60.000 traballadores) en Pisa a Saint Gobain (industria de cristalería), en Génova a Piaggio (industria do motor), en Roma a Fatme (materiais eléctricos e telefónicos), e Milán é a cidade máis industrial e máis cara de toda Italia (sede, entre outras, da fábrica Pirelli). Fronte a millóns de traballadores a patronal envórcase de xeito especialmente desapiadado con respecto aos dereitos dos traballadores, o que levará a que se realice durante as décadas dos 50 e 60 a chamada "milagre económica" italiana. É o traballo o que recupera o país e o aumento da súa produtividade vén ligado ao aumento na extracción de plusvalía, que chega na Fiat en 1962 a unha taxa do 400%¹. Mentres o índice dos rendementos do traballo pasaba de 100 (1953) a 140,6 (1960), o índice das ganancias do traballo dependente pasaba de 100 a 108,9².

Por outra banda o PCI (Partido comunista Italiano), fundado no 1921 e liderado nas primeiras décadas do século por Antonio Gramsci e Amadeo Bordiga, fora fundamental na organización dos partisanos nos períodos de guerra e postguerra e na "liberación" italiana, e

¹Cfr. Balestrini, N. e Moroni, P.: *La horda de oro (1968-1977)*. Tradución de M. Bogazzi, H. Arbide, P. Iglesias, J. Bonet i Martí, D. Gámez, J. Gual, R. Sánchez Cedillo e A. Méndez. Madrid, Traficantes de sueños, 2006, p. 153.

²Mughini, G.: "Cronoca política", en *Cultura e ideologia della nuova sinistra*. Milano, Comunità, 1973, p. 475.

ademais é o partido comunista con maior apoio da Europa occidental e mesmo, en varios momentos, de toda Italia, aínda que afastado do poder pola proporcionalidade da lei electoral italiana. Iso crea unha conciencia de clase moi relevante nos traballadores italianos, sobre todo, en comparación co resto de traballadores da Europa occidental. A pesar disto, a partir de 1962 e os acontecementos de *Piazza Statuto* –como veremos– o PCI irase desligando dos movementos proletarios ate rachar finalmente con eles en 1973.

Nos comezos dos anos 60 a patronal aumenta os tempos de traballo mediante a introdución do sistema taylorista, organización científica do traballo, ocupado en fragmentar los tempos medindo o mínimo que precisa o corpo humano para facer un movemento que forme parte da cadea de montaxe fordista, é dicir, propia das fábricas de coches norteamericanas de Henry Ford.

Ademais, a revolución tecnolóxica dos anos 50 acelérase e a produción realizada por máquinas pasa a ser moi elevada co que aumenta ao mesmo tempo o número de traballadores que non precisan dunha especial cualificación para realizar satisfactoriamente o seu traballo. É o paso do obreiro cualificado ao *obreiro-masa*.

As novas formas de produción fabril permitiron asumir a traballadores non cualificados. Os fluxos migratorios, entre os anos 1958-1971, contabilízanse en 9,140.000 persoas que se desprazaron do sur e que servían como man de obra.

A motivación económica unida á súa falta de coñecemento do medio da fábrica provocaba que os empresarios ligasen irremediabelmente o salario á produción, e se máis cartos se querían máis produción era precisa, engadindo que o número de desempregados permitía elaborar convenios colectivos á baixa, que coa expansión da compra a prazos, permitíalles gañar o seu primeiro salario.

E isto –que dúbida cabe?– tamén sucede pola invasión que os labregos do sur de Italia, do *mezzogiorno*, levan a cabo nas cidades do norte, unha migración xeneralizada de labregos sen ningunha preparación pero dispostos a traballar en calquera cousa con tal de gañar un salario co que poder iniciar unha mínima vida de consumo, inexistente ate entón no mezzogiorno³.

³Balestrini, N.: *Vogliamo tutto*. Milano, Feltrinelli, 1971.

Da pouco o obreiro-masa vai tomando conciencia de que a vida no norte non era como eles agardaban; este inxente número de persoas carecía de aloxamento, as únicas vivendas posíbeis eran as *bidonville* das periferias das cidades nas que non se satisfacían as necesidades máis básicas, eran barrios nos que non existía ningunha presenza institucional e que ate carecía de asistencia sanitaria. O problema da vivenda nas grandes cidades do norte incrementárase a partir dos anos 60, cando os rapaces que a partires do ano 61 tiveron a obrigación de estudares na escola media, deron o paso ás universidades mal preparadas para acoller a ese número de persoas; por exemplo a universidade de Roma que fora construída pensando en 5.000 estudantes acolleu ate 60.000 matriculados.

Para os obreiros que emigraran ao norte non había fendas que abrisen o sistema, non había froitas e verduras que se recollesen cotiá e gratuitamente dos campos, e sentían a escasa integración e incluso o racismo. O salario dábase porque todo custaba un prezo, e de aí que o seu aumento só viñese dado si se acompañaba dun aumento da produción isto é, do rendemento ou das horas de traballo.

Aínda que as motivacións deste tipo de obreiro eran estritamente existenciais, pois procuraban goza-lo máximo as potencialidades da súa vida, isto non tardará en ligarse de raíz ao rexeitamento do sistema produtivo e salarial das fábricas, onde outros obreiros xa converxían por razóns de tipo político.

En concreto, a mediados de 1962 comezarán en Turín as folgas organizadas que proliferarán ao longo destas dúas décadas, a primeira delas á procura e pescuda dun convenio laboral que regulase as condicións de traballo: 100.000 obreiros maniféstanse o 13 de xuño (ningún da Fiat), 60.000 (só da Fiat) o 23 de xuño, e tal intre cristaliza nas folgas do 7, 8 e 9 de xullo con máis de 250.000 traballadores. A patronal negocia na vixilia da folga co sindicato da Fiat (SIDA) e coa UIL (Unione italiana do lavoro), sindicato asociado aos partidos socialistas, co fin de desconvoca-la folga. A noticia de que se firmara o convenio ás costas das protestas causa indignación aos traballadores, que chegan ate a praza Statuto – lugar da sede da UIL– para continuar unha reivindicación que atura ate as dúas de mañá do martes 10, cando a policía consegue o control da praza e comeza unha violenta represión que será ben lembrada en Italia.

Isto é realmente o comezo dos anos do *laboratorio*, o comezo dunha vivencia colectiva cun obxectivo preciso: resistir ás consecuencias que o sistema capitalista leva con seu a través da explotación das fábricas e a represión do Estado, pero que ao mesmo tempo

dá a oportunidade de organizarse na resistencia, de xerar novas formas de acción, novas formas artísticas e novas concepcións de traballo: un contrapoder centrado en atopar unha alternativa que dese cabida ao desexo libre e á creatividade colectiva remunerada.

A loita comeza contra unhas condicións de traballo e a formalización destas no convenio asinado polos sindicatos. A repulsa contra esa actuación non ven contestada polos partidos, que deberían –cando menos o PCI– impedir semellante acto, senón que tamén as forzas de orde público son as encargadas de disolver-lo malestar dos folguistas de *Piazza Statuto* con 1.212 detencións. Neste momento comézase a enxer-la límite das protestas dos traballadores, que non se ven representados polas institucións tradicionais, incluso podemos dicir que esas institucións son as que lexitimán as formas de explotación. Cando os traballadores se enfrontan ás canles tradicionais da súa representación por consideralas inútiles van ser chamados extremistas de esquerdas, ou extraparlamentarios.

En palabras de Negri *Piazza Statuto* foi «un ataque á normalidade sindical, ao poder institucional de contratación, a un rexeitamento de representación do movemento obreiro oficial»⁴. A este repudio do sindicato agréganse as condicións que fan posíbel a súa actuación, dende os patróns das fábricas, responsábeis directos da explotación laboral dos traballadores –de seguido enténdese que estas son a punta de lanza da industria do país– ate a policía, a maxistratura e o goberno, para chegar nalgúns casos a un completo enfrontamento co Estado, quen se percibe como xestor da situación, conformado á súa vez por elites que sacan partido e tallada da mesma.

En contraposición á liña oficial do PCI, que foi incapaz de tempera-la situación e sostivo que os actos na rúa eran debidos á infiltración de grupos da dereita, boa parte do movemento asume que a alternativa nada ten que ver á súa vez co sistema político socialista (ruso, chinés ou de Europa do Leste), baseado na concepción do Estado-guía, o Partido único como o depositario da verdade das masas, etc.

En Italia, pola contra, o acontecido en *Piazza Statuto* supuxo ver como as accións poden ser autónomas e espontáneas sen por iso chegar a ser caóticas. As mobilizacións turinesas puxeron de manifesto a crenza no colectivo como prioritario sen a necesidade dun partido guía. A premisa que parte da inxustiza do modo de produción dominante no capitalismo levarán a accións de protesta e de rexeitamento que desembocan

⁴PL, p. 88.

mediaticamente no coñecido ano de 1968 pero que partirán de moi atrás e chegarán a moito despois.

As reivindicacións que en 1968 suceden en moitos grandes países de occidente da man de estudantes, profesores, traballadores, etc. son o suficientemente importantes como para que boa parte dos intelectuais do momento –entre eles Michel Foucault, Félix Guattari e Gilles Deleuze– denominen *acontecemento* a aquilo que sucede⁵.

Por suposto, o caso italiano é especial e sepárase do francés en duración, do estadounidense en forma e do checoslovaco en contexto, un contexto que determina en boa medida o contido.

En Italia o movemento nacente ten unha continuidade da que carece no resto de países; o clima político italiano era dunha grande tensión, e as organizacións nas universidades e nas fábricas estaban en plena actividade. No ano 66 ocúpase a universidade de Trento que non foi máis que a imaxe física do que estaba a ocorrer nas universidades italianas. Protéstase contra os presupostos e os *números clausos*, mais tamén contra unha concepción do saber, das formas de administralo e as formas de xulgallo; ante a estrutura dunha universidade envellecida na que se reproducen os valores dunha sociedade clasista, os estudantes orgánzanse fóra das asociacións universitarias, vinculadas aos partidos e ao ascenso dentro dos mesmos, en asembleas nas que os participantes teñen dereito a palabra e a voto; as materias trócanse en seminarios e contracursos nos que se discute a función social da universidade, as loitas de liberación ou a guerra do Vietnam: o acontecemento aguanta baixo un pulo que o alonga e sostén.

Nestes anos Bolonia convértese en paradigma da alternativa estudantil, Milán e Venecia en paradigmas de resistencia nas fábricas e en Roma crece a proliferación de multitudes que buscan organizarse en contraposición ao poder do Estado, xa que este é visto como o representante dun sistema que reduce ao mínimo a vida e liberdade de traballadores e estudantes, e que serve polo tanto á explotación máis descarnada destes ao abeiro do modelo da democracia representativa, onde un grupo de partidos políticos deciden a vida de millóns de individuos. Así as subxectividades revolucionarias que xurdiron nas fábricas,

⁵En Deleuze o acontecemento é tal por realizares un cortocircuíto no transcorrer do sistema, por efectuar un corte no fluír continuo e reterritorializar instantaneamente os fluxos nun aquí-ahora concreto, é dicir, a irrupción da novidade. Cfr., por exemplo, Deleuze, G: *Lógica del sentido*. Tradución de Miguel Morey. Barcelona, Paidós, 2005.

expáñdense polas universidades e as oficinas, dando lugar ao que algúns viron como o levantamento dun novo suxeito político expansivo e inclusivo.

Non é casualidade que isto en Italia se volva fundamentalmente un movemento que parte das fábricas pois aló miles e miles de italianos traballan. Tampouco o é que todo o proceso se poida ler dende categorías marxianas, pois Italia soporta nestes anos un pulo realmente importante provinte da herdanza partisana e da seguridade de que Italia foi liberada mediante a acción en común. Por iso tiña o maior apoio a un partido comunista de Europa occidental. E non só a un Partido senón, especialmente, a un movemento que naceu fóra de ningún paraugas que o amparase, e polo tanto, fóra de ningún Partido. O comunismo vese como o desexo de cambia-lo estado de cousas presente⁶, o desexo de construción do común, aquilo que dende sempre caracterizou a un e o suxeitou a unha realidade, a unha comunidade.

Pola contra, a creación e construción colectiva atopa dende o primeiro intre de fronte ao Estado, convertido en antagonista do proceso e do movemento, baseado na represión contra os axentes sociais e o control destes mediante os mecanismos que ten ao seu alcance, primeira e primordialmente a subxugación dos traballadores baixo un horario e unhas condicións de traballo que efectúan a súa explotación, conseguindo así mesmo a máxima redución do tempo preciso para dedicar á creación colectiva, á alternativa e ao movemento. Utilízanse as armas que todo Estado ten dende a súa fundación: o uso da violencia lexítima para aguanta-la orde establecida, polo tanto, o sistema imperante. Cúmprese a lei, tamén se esta lei non é aceptada polo colectivo.

Mentres todo isto pasa, un grupo de intelectuais de formación marxista ocúpanse de intentar soste este movemento nunha teoría, ou dito doutro xeito, intentan apoia-lo movemento cunha construción teórica dende a que este se poida impulsar alén da suxeición que sofre. Non se trata de inventar unha teoría que se aplique á realidade – non se trata diso porque a praxe xa está a suceder por si mesma–, trátase de sostela e organizala dende fóra dun partido político.

Cando os *Quaderni Rossi* (que publican o seu primeiro número en 1961) aceleran a súa actividade é, en palabras de Romano Alquati, *coinvestigando*, coñecendo de primeira

⁶«O comunismo é o movemento real que anula e supera o estado de cousas actual». Marx, K.: *La ideología alemana*. Tradución de Manuel Sacristán. Barcelona, Crítica, 1977, p. 37.

man toda a realidade da vida na fábrica, como está constituída, como funciona, cal é a relación co obreiro, etc. É a chamada *enquisa*, a consigna para realizar un traballo de e sobre a subxectividade obreira⁷. Rapidamente a experiencia turinesa expandiuse por Milán, Venecia e Roma. Esta foi unha das actividades que máis influíu ao novo profesor de universidade Antonio Negri: erguerse ás 4:30 da mañá para ir de Venecia ás fábricas de Porto Marghera, entrar cos obreiros, departir, repartir folletos, para logo ir a Padua a dar clase á universidade.

Se algo ensinou *Praza Statuto* a boa parte dos membros dos *Quaderni Rossi* foi que o partido e os sindicatos estaban xa burocratizados e que o rego do movemento tiña que ser autónomo.

É neses anos cando Negri descobre a loita como elemento permanente e fundamental do desenvolvemento do proceso de produción, en particular do proceso de traballo.

O obxectivo de afondar nisto –na organización política do movemento obreiro e de incidir na intervención teórica e práctica deste–, será o que guíe ao nacemento da publicación *Classe Operaia*, escisión dos *Quaderni Rossi*, e a redacción da cal correrá a cargo de Mario Tronti, Romano Alquati, Alberto Asor Rosa, Luciano Ferrari Bravo e Negri, entre outros. A revista trata de dirixirse directamente aos obreiros e intenta xunta-la produción teórica e a práctica. A publicación confía no elevadísimo número de obreiros italianos e na convicción de que estes prevalecen ao Estado e son a peza fundamental, en termos marxianos, do avance da historia. Unha das problemáticas máis importantes que xorde de aquí é a relación entre materialismo histórico e dialéctica⁸. Así mesmo, e como consecuencia, converten en inimigo todo Partido defensor da tradición (tamén se esta é marxista), e xulgan ao PCI (Partido Comunista Italiano) e ao seu sindicato CGIL acusándoos de estar a vivires un proceso de socialdemocratización. Con todo, e a conta disto, Tronti e outros abandonarán a redacción pois querían recupera-la relación perdida entre clase e partido, opción xa rexeitada sobre todo por Negri, quen xa vira ao PCI como inimigo ao servizo do Estado⁹.

Unha das motivacións deste rigoroso proceso de traballo teórico no que si

⁷Víd. Texto 4.

⁸Víd. Textos 1 e 2.

⁹Cfr. “Lenin e i soviet nella rivoluzione russa. E alcune considerazioni sul sovietismo”, en *FSL*.

participaban todos vén da relectura creativa de *El Capital* de Marx, queréndoo adaptar á nova situación contextual e metodolóxica da Italia deses intres; e así mesmo vén da publicación en italiano dos *Grundrisse* de Marx, os seus apuntamentos de traballo sobre a crítica da economía política¹⁰. Neles hai determinadas pasaxes que iluminan a nova vía aberta, por exemplo o *Fragmento das máquinas* e o concepto que nel aparece de *General Intellect*. É aí onde aparece a posibilidade de que os avances tecnolóxicos sirvan para mingua-los tempos de traballo preciso e provocar con iso a liberdade do traballador para dedica-lo seu tempo a outras labores. Do mesmo xeito o *General Intellect* refire a esa construción de coñecemento colectivo que vai xurdindo nos procesos de colaboración e cooperación comunicativa tan frecuentes na época que tratamos. É o primeiro paso cara a unha nova concepción de traballo, dominante xa a finais do s. XX, e que se coñecerá como "traballo inmaterial"¹¹. Dicíndoo doutro modo, e para distinguilo de Marx, o *General Intellect* que len os *operaistas* non proven das máquinas, do capital fixo, senón do traballo vivo, na cooperación.

Desta semente partirá a creación de *Potere Operaio* en xullo de 1969, pretendendo dar un paso máis dende a loita das fábricas á posibilidade de organizar esa loita. Unha das opcións utilizadas será o chamado *rexeitamento do traballo*, entendendo por "traballo" traballo asalariado, e reivindicando polo tanto a conciencia de clase con respecto á situación explotada das fábricas e como o tempo alén do tempo de traballo preciso ten que envorcarse na creación colectiva, na actividade viva e social. Ademais disto rexéitase o salario como a pretendida compensación obxectiva polo tempo de traballo produtivo e esíxese o seu desligamento da produción: un salario independente da produción, sexa esta maior ou menor. A arma fundamental do *rexeitamento do traballo* é a folga indefinida. O entrante tecnolóxico que se vive nestes anos é pensado, como dicíamos, como posibilidade de liberación, quizais aínda un pouco inxenuamente: se hai máquinas que poidan realiza-lo noso traballo, por que non o fan para que nós nos ocupemos de crear vivencias e producir experiencias? Por que non se nos dá unha remuneración que cubra as nosas necesidades básicas e nos deixe o tempo libre como para crear outras formas de vida?

Potere Operaio funcionará ate 1973, no que Negri e outros fundarán a *Autonomía*

¹⁰Víd., especialmente, *MOM*.

¹¹Víd. Texto 19 e, especialmente, *TI*.

*Operaia*¹².

Mentres, as fábricas continúan utilizando a folga como a sabotaxe ao capital, e a fase do movemento remata en novembro despois de que se manifesten en Roma 100.000 traballadores do metal, obrigando á Patronal a asinar un convenio no que acepta boa parte das peticións sindicais –que agora tentan seguir ao movemento. Con isto dará o primeiro froito 7 anos de folgas continuadas e crecentes.

Pero a euforia non durará nin un mes. O 12 de decembro de 1969 prodúcese a chamada *Strage di Stato* ("masacre de estado") na Praza Fontana, na que 16 persoas morren e 87 resultan feridas por unha bomba posta na *Banca Nazionale dell'Agricoltura*. Detéñense a 82 militantes de esquerda, sen probas concluíntes. Despois de investigacións e contrainvestigacións salguen á luz probas sostíbeis sobre a implicación de forzas de extrema dereita na preparación e execución do atentado.

Esta liña é a que se seguirá durante case toda a década dos 70, na que se pon de manifesto a lembrada "estratexia da tensión", con decenas de atentados e bombas nas que seguen mesturados axentes de ultradereita italiana e grega. Antes de *Praza Fontana* contabilizábanse 312 atentados con bomba ao longo de 1969. Un dos resultados máis relevantes das contrainvestigacións foi que en abril de 1968, un ano despois do golpe de estado triunfal, reúnen en Grecia 50 neofascistas italianos con figuras das altas esferas da policía secreta grega para organiza-la estratexia da tensión. O obxectivo é organizar atentados de tal forma que a opinión pública culpe deles á esquerda. Esta estratexia durará toda a década dos 70, ao final xa non para culpar aos esquerdistas senón para exaspera-la situación e que fose inevitábel un pronunciamento autoritario¹³.

Deste xeito, mentres aumenta o autoritarismo por parte do Estado, continúa proporcionalmente a expansión do movemento nas marxes extraparlamentarias. As fábricas volven á folga, nacen correntes de esquerda organizada entre médicos, profesores, maxistrados e implícanse sectores como os presos, marxínados, etc.

¹²O punto de vista de Negri está tratado pormenorizadamente en *OPOS* e, sobre todo, en *LR*.

¹³Cfr. Bascetta, M., Bonsignori, S., Petrucciani, S. e Carlini, F. (eds.): *1968. Una revolución mundial* (CD-ROM/libro). Tradución de Luis Peña Molero, Carlos Prieto del Campo, Ricardo Russo e Francisca Sánchez Peiró. Madrid, Akal, 2001.

Á fin os Partidos móstranse como parte inequívoca do Estado non sobrevivindo os gobernos máis que meses no poder, ate que en 1973 o secretario do PCI –Berlinguer– propón un "compromiso histórico" coa *Democracia Cristiana* (partido de dereita católica) que dea estabilidade ao goberno do Estado. Para entón o movemento e o PCI sepáranse definitivamente á vez que xorden os grupos armados de esquerda, como as *Brigate Rosse* (nata de facto na fábrica Pirelli de Milán en 1971).

Ao mesmo tempo, na rúa crecen as novidades creativas: neste ano 1973, baixo o pulo da *Autonomía operaia* de Negri faise promoción da *autoriduzione* como forma inmediata de comunismo, de apropiación do valor de uso na práctica de valorización de clase, é dicir, xestionar autonomamente o valor de uso desvinculándoo na praxe do valor de cambio. Deste xeito, trabállase en tódolos aspectos sociais: vivenda, ocio, paro, servizos sociais, transporte público, hospitais, escola, etc. Transfórmanse barrios enteiros en comunidades autoxestionadas, que deciden colectiva e asembleariamente o pagamento do transporte, o pagamento polos alimentos básicos, a vivenda, a luz, a auga, etc. E o movemento vese na obriga de pensa-la relación entre autonomía e poder, vendo a extensión á que chegou, da fábrica aos distintos estratos da sociedade¹⁴.

As folgas destes anos son menos daniñas no económico (non se perden tantas horas de traballo como nos anos sesenta), pero fatais no social, pois contan coa máxima implicación de persoas. É o camiño procurado por Negri e a *Autonomía operaia* de soportalo paso do obreiro masa ao obreiro social, onde a cooperación, colaboración e comunicación dos traballadores devén fundamental¹⁵.

En 1976 créase *Radio Alice*, a primeira radio libre fóra de control estatal ou empresarial e, con ela, o soño da autonomía total séguese sostendo ao longo da década dos 70.

En 1977 dáse a última rabexada do movemento no que xa é rexeitamento, antagonismo e oposición directa ás forzas do Estado, as cales á súa vez estenden o seu antagonismo ate o punto de sacar carros blindados á rúa e de abrir lume en caso de conflito, algo que cada vez sucede con máis frecuencia. No outro bando sucede máis do mesmo, atrácanse armarías e dispárase abertamente contra a policía. O enfrontamento é absoluto, o que por outra banda non é ningunha novidade xa que só entre 1947 e 1969 a policía

¹⁴Víd. Texto 3.

¹⁵Víd, especialmente, *OPOS*.

asasinara 91 traballadores durante manifestacións políticas e ferira a 674¹⁶.

Ao ano seguinte as *Brigate Rosse* secuestran ao Primeiro Ministro Aldo Moro, líder de DC, e asásinano logo de non lograr unha interlocución co goberno. O movemento morre, as *Brigate Rosse* comezan a perder apoio, e Toni Negri, entre outros, é acusado formalmente de se-lo autor intelectual do secuestro, motivo polo que é detido en 1979. Despois de ingresar no cárcere é escollido deputado polo Partido Radical nas eleccións de 1983, e segundo sae excarcerado protexido pola inmunidade parlamentaria, inmediatamente o parlamento vota para retirarlle, tendo como consecuencia o exilio de Negri a Francia.

Ben, que aprendemos de todo isto? Fundamentalmente que Negri e os demais viven dende dentro o estoupido do acontecemento, respiran e senten a explosión de creatividade e traballo vivo que pescuda a completa autonomía con respecto ao sistema, ao Estado e, por tanto, ao capital: viven o desexo de comunismo e revolución. Por outra banda, o Estado enfróntase a eles e os culpabiliza nominalmente –en concreto a Negri– de ser un asasino intelectual. Así é como se interioriza o antagonismo de Estado e se vive na propia carne o final do movemento creado que con tanta esperanza se vivira.

E sobre todo, Negri cre que boa parte do fracaso do movemento se debe a unha falta de ensamblaxe teórica que poida facerse cargo da problemática xurdida na instauración práctica do acontecemento, unha fundamentación ontolóxica que sosteña o creado, o gañado na rúa. A isto ocupará a súa vida. Pero o máis importante é que dende estes instantes o comunismo non é unha aspiración senón un preámbulo, non é un idealismo pois xa se efectuou como tal neste tempo.

Deste xeito, o acontecemento pode volver a partir de repetir e repetir antagonismo, potencia creativa, autonomía e organización: contrapoder pois. Seguindo este rego darase doutro xeito, noutro lugar, noutro tempo, un novo corte de fluxos, un novo curtocircuíto, unha novidade fóra da homoxeneidade postmoderna, de novo, un acontecemento.

¹⁶Cfr. Virno, P.: “El trabajo no nos hace libres”, en Balestrini, N. e Moroni, P.: *La horda de oro (1968-1977)*. *Op. cit.* p.340.

II.

Se dicíamos que sen coñecer e profundar na traxectoria vital de Negri non poderíamos chegar a enxerga-las motivacións do seu pensamento, tampouco o podemos facer sen coñece-las súas influencias fundamentais, e a primeira delas é a peculiar lectura que fai de determinadas pasaxes de Marx e a configuración das súas categorías a partir das marxianas. Esta lectura levarao a un exhaustivo estudo sobre a configuración do Estado capitalista, co obxectivo de aclara-la situación coa que o movemento se atopou nas décadas dos anos 60 e 70, así como dilucida-los pasos que o mesmo debe dar a partir da década de 1980. Para iso precisa sabe-lo alcance e profundidade das continuas reestruturacións que realiza o capital a través do Estado. Negri comezará, pois, estudando a implicación recíproca de ámbolos dous elementos.

En primeiro lugar, Negri cre, marxianamente, que a constitución do Estado está baseada no traballo e que é este o que produce a riqueza material da vida. Negri, con Marx, vai distinguir entre *traballo vivo* e *traballo asalariado*, artellando unha concepción segundo a cal o traballo asalariado sostén o desenvolvemento do capital mentres subxuga ao traballador, e cre que xa é momento de que o traballo asalariado sexa rexeitado por este como sustento do capital, e que o seu rexeite, polo tanto, sirva como alternativa antagónica ao seu desenvolvemento. Esta concepción é a que se chamará "Rexeitamento do traballo" e que será unha das bandeiras do movemento dos 70.

O rexeitamento do traballo é, ante todo, sabotaxe, folga e acción directa.

Así se multiplica o traballo vivo, o traballo socialmente útil dedicado á reprodución da sociedade proletaria. Busca polo tanto a transformación do modo de produción capitalista, a eliminación do traballo máis produtivo, ou o que é o mesmo, a eliminación da distinción entre traballo *produtivo* e *improdutivo*.

Non se pode perder de vista que na lectura de Marx feita por Negri é a loita de clases

a que fai avanza-la historia e, polo tanto, son a concepción obreira, a conciencia de clase ou a *autovalorización*, as que fan que o capital e o Estado vaian facendo concesións e a historia siga adiante nun proceso de conquista do privado para retornalo ao público, ao colectivo, o orixinario, o comunismo: e isto faise baixo a forma do antagonismo, do contrapoder. É dicir, o papel da loita obreira é prioritario ao desenvolvemento do capital, non van ámbalas dúas unidas, non son irredutíbeis a unha á outra como pensa o marxismo clásico¹⁷.

A autovalorización, de feito, realiza unha alternativa con respecto ao proceso de creación do valor. Non se basea na produción de plusvalía, pois elimina a relación entre o *valor de uso* e o de *cambio*, potenciando o de uso, que se sustenta sobre as necesidades e os desexos colectivos dun grupo autónomo, comunidade baseada á súa vez na creación e na actividade, polo tanto na produción, pero nunha produción que non parte da plusvalía nin da explotación.

Por este rego usarase o concepto de autovalorización para referir á organización social autónoma e independente das relacións de produción capitalista e do control do Estado.

Deste concepto partirá tamén a produción da subxectividade colectiva e alternativa que se sitúa nunha postura antagónica con respecto ao capital e ao Estado como o seu máis próximo representante.

Neste esquema inflúe determinantemente a idea do Estado como a síntese hegeliana de familia e sociedade civil, ou dito doutro xeito, como o Estado absorbe á sociedade civil no seu interior e provoca que forzadamente se identifique con el. Se isto Negri non o acepta é porque Marx xa demostrara que esa identificación era unha subxugación baseada na explotación que unhas clases sociais facían sobre outras utilizando o modo de produción capitalista, que aumentaba continuamente unha plusvalía arrancada ao obreiro e que servía para enriquecer progresivamente ao patrón¹⁸.

A plusvalía e as súas distintas variantes tamén teñen moito que dicir en todo este

¹⁷Por outra banda, este motivo é fundamental na ruptura dos *Quaderni rossi* e a escisión que devén na creación de *Classe operaia*, personificada tal ruptura nas desavinzas teóricas ao respecto desta cuestión entre Raniero Panzieri e Mario Tronti. Cfr, por exemplo, *OPOS*; ou Mancini, S.: *Socialismo e democrazia diretta*. Bari, Dedalo, 1977.

¹⁸Cfr. Marx, K. e Engels, F.: *El Capital. Libro I*. Tradución de Wenceslao Roces. México, Fondo de Cultura Económica, 1966.

proceso de reestruturación do capital, en concreto, naquilo que Marx xa chamara paso da subsunción formal á subsunción real do traballo no capital¹⁹.

Segundo Marx hai dous tipos fundamentais de plusvalía, a saber, a plusvalía absoluta e a plusvalía relativa. A absoluta é a que se obtén mediante a prolongación da xornada de traballo. A creación deste tipo de plusvalía constitúe a base xeral do sistema de explotación capitalista, dado que é condición ineludíbel do devandito sistema prolonga-la xornada laboral alén do tempo de traballo preciso.

Marx relaciona o método da plusvalía absoluta como propio do proceso chamado *subsunción formal do traballo no capital*, ou o que é o mesmo, o proceso que integra a capacidade do traballo dentro do capital asumíndoo como algo externo do que debe apropiarse²⁰. Presupón, pois, que o traballo é unha actividade preexistente ao sistema capitalista e que a única forma de producir plusvalor con ela é prolongando o tempo de traballo necesario: a plusvalía absoluta.

A subsunción significa que todo proceso de traballo é necesariamente un proceso de valorización dirixido polo capitalista; é dicir, que o traballo está incluído nun proceso e que o sentido do mesmo está exclusivamente no aumento do valor do capital inicial, na produción de plusvalor.

Agora ben, a pesar do procedemento expropiador o traballador aínda conserva certo control técnico sobre o proceso –coñecementos e habilidades– que supón un importante obstáculo para o desenvolvemento capitalista na medida en que lle permite limita-la produción de plusvalor. Superar estes límites implicará mingua-las capacidades de control que o traballador exerce sobre o proceso produtivo, anula-los restos da súa antiga autonomía e neutraliza-las dificultades que impoñen os procesos regulativos da xornada de traballo²¹. Dito doutro xeito, isto cambiará cando o "obreiro profesional", cualificado, substitúase na fábrica polo "obreiro masa", membro dunha cadea de montaxe para a que non necesita cualificación e que, como vimos, é algo que sucede en Italia ao longo dos anos 60.

Por outra parte a plusvalía relativa obtense nun proceso que comeza co aumento da

¹⁹Cfr., por exemplo, Marx, K.: *El Capital. Libro I. Capítulo VI (inédito)*. Tradución de Pedro Scaron. Madrid, S. XXI, 1974; ou Marx, K.: *Elementos fundamentales para la crítica de la economía política (Grundrisse) 1857-1858. Volumen II*. Tradución de José Aricó, Miguel Murmis e Pedro Scaron. Madrid, S. XXI, 1971.

²⁰Víd. Texto 16.

²¹Cfr. Castillo Mendoza, C. e García López, J.: "Marx, entre el trabajo y el empleo". *Documento de Trabajo* 2001-23. Madrid, Facultad de Ciencias Económicas y Empresariales. Universidad Complutense, 2001 (en internet: www.ucm.es/BUCM/cee/doc/01-23/0123.htm).

produtividade dos medios de subsistencia do traballador. Aumentando a produtividade, estes medios de subsistencia perden valor e resultan, polo tanto, máis baratos. Ou, dito doutro xeito, precísase unha cantidade menor de tempo de traballo preciso para a súa realización. Pero o traballador segue tendo a mesma xornada laboral, co que aumenta o tempo de traballo adicional que realiza, non gaña nada senón que aumenta a súa explotación, mentres a ganancia, a plusvalía, segue pertencendo ao capitalista. Este proceso chámase plusvalía relativa e é o xeito frecuente de explotación no que Marx chama *subsunción real do traballo no capital*.

A clave desta está no desenvolvemento da máquina como aquilo que vai entregar ao capital unha capacidade cada vez maior de control sobre cada momento do proceso e sobre os que o executan. Cando a máquina toma o lugar do instrumento prodúcese unha transformación esencial no modo de produción ao subsumirse materialmente o proceso de traballo no proceso de valorización. Neste momento, a máquina aparece como ferramenta clave en relación coa produción dos traballadores. E evidencia unha cuestión fundamental: a técnica opera como artefacto de poder para implanta-la vixilancia e a disciplina, e neutraliza-lo control dos obreiros sobre o traballo. Nela, os traballadores teñen agora unha "relación social de produción" entre eles e co capitalista, no interior orgánico do capital. Así pois, a revolución tecnolóxica da máquina na fábrica permite un cambio de relación social entre capital e traballo que supón a perda da "autonomía" do suxeito produtor ao ser constituído como accesorio da máquina. Mediante esta revolución o modo de produción é propiamente capitalista por primeira vez e subsume agora realmente o traballo vivo na composición orgánica do capital²².

E Marx demostra economicamente isto cando formula a lei do valor:

Como dicíamos, Marx entende que o traballo é a base de toda sociedade e que, polo tanto, a constitución de todo Estado está baseada nel, e na constitución italiana isto fórmulase literalmente²³.

A forma-valor é a representación material da organización do traballo colectivo nunha sociedade determinada. En Marx é unha forma de equivalencia e, polo tanto, unha relación que Marx denomina obxectiva, demostrábel cientificamente. Todo o desenvolvemento que Negri fará desta temática partirá da convicción de que na segunda metade do s. XX a lei do valor entra en crise pois a súa produción se mide en cantidade de

²²Cfr. Marx, K.: *El Capital. Libro I. Capítulo VI (inédito)*. *Op. cit.*

²³Art. 1. L'Italia è una Repubblica democratica fondata sul lavoro [...].

traballo e este xa non pode reducirse a unha medida concreta.

Na tradición marxista, a lei do valor defínese de dúas maneiras diferentes, con dúas funcións, á súa vez, non menos diferentes. A primeira considera que o traballo é aquilo común en toda actividade produtiva e o considera como algo abstracto, isto é, como algo que pode aplicarse en calquera necesidade produtiva que teña unha sociedade para xerar riqueza. A clave vén á hora de calcula-lo valor que ten o traballo. O valor equipara certa mercadoría, certo ben, coa parte da totalidade do tempo social preciso para a súa produción. Polo menos dende Adam Smith o valor dunha mercadoría áchase determinado polo tempo de traballo preciso encerrado nela. Polo tanto, se a mercadoría se vende polo seu valor, o obreiro poderá comprar unha mercadoría que sexa o produto de, por exemplo, doce horas de traballo, é dicir, un tempo de traballo de doce horas materializado noutra mercadoría. Non obstante, na maior parte dos modos de produción, e no capitalista especialmente, isto non sucede, pois aquí unha determinada cantidade de traballo vivo non corresponde á mesma cantidade de traballo materializado, ou o que é o mesmo, unha cantidade determinada de traballo materializado na mercadoría corresponde a unha cantidade de traballo superior á que na mercadoría se contén. E isto é o que provoca a ganancia dunha ou varias clases sociais, que dominan as condicións de traballo, os medios de produción, mentres a forza de traballo pertence a unha clase social, deste modo, explotada. O valor, é dicir, a cantidade de traballo incorporado polo obreiro ás materias primas, desdóbrase sempre en dúas partes, a que cobre o salario e a que cobre a ganancia do capitalista.

Tendo en conta isto dende o punto de vista do capital, a lei do valor sérvenos para dotar de racionalidade, de equilibrio baixo a figura da equivalencia, de orde todo o fluxo de operacións que os capitalistas realizan no mercado. Esta é a visión, entre outros, de Sweezy²⁴.

Non obstante a lectura de Negri é distinta. Negri se fixa na lei do valor non como unha figura de equilibrio, senón de desequilibrio, de antagonismo. A lei do valor baséase sempre nunha relación co traballo preciso, e este é un concepto dinámico, que vai cambiando a medida que a loita da clase obreira vai conseguindo transforma-lo traballo e subtraelo á miseria da súa relación co capital, é produto da loita contra o traballo asalariado. Así, o sistema vaise estruturando e reestruturando continuamente. Polo tanto o capital e a clase traballadora non son redutíbeis os uns aos outros, como na tradición puramente

²⁴Cfr. Sweezy, P.: *Teoría del desarrollo capitalista*. Tradución de Hernán Laborde. México, Fondo de Cultura Económica, 1963.

marxista, senón que prevalece a concepción proletaria²⁵.

Deste xeito vemos como desta lectura se deduce a posibilidade do rexeitamento do traballo como motor dinámico que poida dinamita-la lei do valor mediante a autovalorización. Polo tanto, dinamiza o sistema e transfórmao. Esta é a liña que segue o operaismo e o enfoque que dá á loita e ás folgas das décadas que comprenden os anos 60 e 70 en Italia, especialmente os teorizados dende a *Autonomía operaia* e o *Potere operaio*, e que seguen con vixencia nas décadas posteriores como efectiva forma de loita²⁶.

A autovalorización, pois, o traballo vivo, a creación e actividade libre reivindicán e potencian o valor de uso como independente do valor de cambio, como independente do fluxo de circulación e reprodución automática á que deu lugar. Ou, dito en palabras de Marx, «o non-capital real, é o traballo»²⁷.

Coa chegada da cooperación, a comunicación e a información como esferas vitais do traballo –o que Negri denomina aparición do obreiro social– este deixa de ter unha medida simple, pois é o resultado dun proceso colectivo que non se pode medir en unidades simples de traballo. A lei do valor, deste modo, faise anacos pois a súa presuposición de que o traballo abstracto se pode medir en unidades xa non é real, e entón só lle queda recoñecerse como lei que asegura a recollida de plus-valor, lei de plusvalía entón.

Á súa vez, e polo mesmo motivo, xa non é o obreiro individual senón unha capacidade de traballo socialmente combinada o que se converte no axente real do proceso laboral no seu conxunto.

Así vemos como o traballo na súa forma inmediata –non dependente do nivel de desenvolvemento da tecnoloxía, a maquinaria, a cooperación, etc.– deixa de se-la fonte da riqueza e, con iso, o tempo de traballo deixa de se-la súa medida e o valor de cambio a do valor de uso. Negri lerá a caída da lei do valor como unha oportunidade antagonista para potencia-lo traballo vivo mediante a autovalorización, é dicir, mediante a reinvencción do valor de uso, desligado xa do valor de cambio. E este é un proceso que necesariamente ten que realizarse en cooperación, en común, en colectividade, pois ademais de estar presuposto no pensamento de Negri, agora o traballo xa só subsiste socialmente, o traballador xa non

²⁵Víd. Texto 11.

²⁶Víd. Texto 6.

²⁷Marx, K.: *Líneas fundamentais de la crítica de la economía política (Grundrisse)*, I. OME vol. 21. Edición dirixida por Manuel Sacristán. Tradución de Javier Pérez Royo. Barcelona, Crítica, 1977, p. 215.

subsiste individualmente senón en cooperación²⁸.

E con isto chegamos a unha conclusión fundamental, que separa a Negri de Marx: o comunismo non é un estado ao que se aspira, onde terá lugar a liberdade do ser humano mediante a eliminación da explotación, e ao que chegaremos mediante unha revolución; senón que a revolución foi o noso preámbulo e o comunismo unha esixencia previa, un estado real que busca cambiar o momento presente; unha esixencia, non unha aspiración; un preámbulo, non unha conclusión. É do comunismo de onde partimos²⁹.

Outro xeito de facer referencia ao suxeito que de aquí xorde é mediante o paso dado do obreiro-masa ao obreiro-social. Con este concepto Negri pretende por unha parte colocalo acento na capacidade colectiva de traballo, de cooperación, na que cada persoa é parte dun proceso no que todos estamos incluídos e no que todos facemos un papel singular. De paso, sérvelle tamén para dar consistencia ao movemento que el pretende soste-lo teoricamente: os anos do laboratorio italiano e a autoxestión dos traballadores teñen sentido no marco dun proceso onde o individuo social é o suxeito ao que se agarra o sistema do capital, polo tanto, é o seu outro polo, a súa outra faciana, o seu antagónico. Pero tamén lle serve a Negri para acceder ao movemento social indo alén da figura do obreiro da fábrica, é dicir, poder acceder ao centro do movemento, do miolo. Non só os obreiros teñen que ver nisto, tamén os estudantes, profesores, excluídos, resto de traballadores, etc.

O obreiro-social é aquel que xa non traballa individualmente, á marxe dun proceso colectivo. O obreiro-social é inseparábel da creación colectiva, «o traballo inmediato deixa de ser en canto tal base da produción e o produto deixa de ser produto do traballo inmediato individual e é a combinación da actividade social a que se presenta como produtor»³⁰.

O modo de produción modifícase porque o traballo vivo se mostra sobre todo como traballo abstracto e inmaterial, como traballo complexo e cooperativo e como traballo cada vez máis intelectual e científico, todo o cal non é reducíbel a traballo simple.

É o traballo inmaterial o dominante pois é o que produce bens inmateriais como o coñecemento, a información, a comunicación, unha relación ou unha resposta emocional,

²⁸Víd. Textos 9 e 10.

²⁹Víd. Texto 5.

³⁰Marx, K.: *Elementos fundamentales para la crítica de la economía política (Grundrisse) 1857-1858. Volumen I*. Tradución de José Aricó, Miguel Murmis e Pedro Scaron. Madrid, S. XXI, 1971, pp. 94-95.

etc.

Pero o máis importante é que con isto se inclúe dentro do suxeito antagonista do proletario o recoñecemento da capacidade de rebelión de tódalas diferentes figuras da produción social, de todo o proletariado en sentido amplo. Con iso a loita sae fóra da fábrica e volve ao movemento.

Este é o punto de vista que lle interesa a Negri da chamada subsunción real, o lado antagonista. E cara a ela van enfocadas as lecturas que fai de Marx, como na prioridade do proletario sobre o capital, ou como na cuestión da introdución das máquinas no proceso produtivo. Aquí Negri ve claramente que a introdución da maquinaria e o seu desenvolvemento rematará por provoca-la autonomía do traballador, pois a súa función será sobre todo intelectual e iso presuporá que a forza de traballo é o cerebro, polo tanto, que a contradición entre forza de traballo e medios de produción se diluirá dando lugar a unha nova figura do traballador impulsada polo obreiro social, o *home-máquina*³¹. Para iso susténtase no "fragmento sobre as máquinas" dos *Grundrisse* de Marx, de onde sacará así mesmo que a malla de cooperación e actividade na que se basea o obreiro social dá lugar ao chamado *General Intellect*, unha especie de patrimonio de coñecemento común aos traballadores que se realiza dende mallas de comunicación e cooperación alternativa e que pode servir na loita contra a subsunción real.

Pero a subsunción non afecta só ao traballo con respecto ao capital senón que é un proceso que modifica as atribucións do chamado Estado-nación e a súa propia autonomía. E o devir realizado polo Estado-nación ten varios ángulos e varios soportes que se foron modificando nos últimos tempos.

Para Negri non hai discusión, o Estado moderno do s. XX susténtase na teoría económica de John Maynard Keynes, na organización científica do traballo postulada por Frederick Winslow Taylor e na configuración da fábrica que dela se deriva e que exemplificou mellor que ninguén Henry Ford.

Aínda que este non é o lugar axeitado para un estudo económico pormenorizado –nin tampouco Negri o realiza en ningún momento–, si é necesario manexa-las nocións básicas destas tres concepcións.

³¹Víd. Texto 15.

O que nos interesa de Keynes é a súa variación fundamental con respecto a Adam Smith no que refire ao papel que o Estado debe desempeñar na economía. Para Smith o xogo da oferta e a demanda equilibrábase por si mesmo e, polo tanto, era xusto. O Estado non tiña por que intervir na economía e os individuos, na súa libre acción, sempre conseguirían o benestar da colectividade.

Keynes, que desenvolve a súa actividade a partir da chamada grande depresión dos EE. UU. dos anos 30 asume que en épocas de estancamento económico, co seu correspondente aumento de desemprego, o Estado debe intervir para impulsa-la economía co obxectivo de mellora-lo desemprego mediante políticas fiscais e investimentos realizados coa fin de que os capitalistas recuperen o ánimo para continuar invertendo aínda en crise; e todo isto aceptando unha suba da inflación como mal menor á crise. Así, é o propio Estado o que se converte en crisol do equilibrio económico alí onde o mercado non é capaz, en curto prazo, de realizalo.

Por suposto, isto para Negri é un golpe de man autoritario por parte do Estado que non fai máis que axudar a que se reconstituán as marxes de beneficio capitalista en época de crise, de cara a manter o seu dominio. Ou dito doutro modo, os empresarios actúan dentro dun marco no que as forzas coercitivas do Estado se incrementan. E do mesmo xeito increméntase a súa intervención na sociedade, antecedente do que Negri denominará *subsunción real da sociedade no Estado*.

Pola súa parte Taylor, na súa xestión científica da organización do traballo busca unha maior produtividade dividindo as actividades laborais en fases controladas "cientificamente". Que quere dicir isto? Quere dicir que o empresario medirá o número exacto de movementos musculares que un ser humano ten que realizar para efectuar un traballo dado así como o tempo exacto que ten que dedicar a iso. Con este proceso busca a maior prosperidade do empresario. Así mesmo propón un salario variábel segundo o rendemento do traballador, pero este non excederá nunca dun aumento do 60% pois o traballador é, por natureza, preguiceiro e tende a traballar o menos posíbel.

Negri ve en Taylor a un explotador ao servizo do sistema, que continúa a manobra de mellora-la produtividade a cambio do férreo control sobre o traballador e o intento de crear desigualdade e receo entre estes.

Por último, o que levou ate o extremo estas regras tayloristas foi Henry Ford nas súas fábricas, quizais as primeiras en converterse en paradigmáticas da produción en cadea,

mediante as tarefas mecánicas e repetitivas que obviaban e prescindían das cualificacións dos traballadores. A interese de Ford pretendía conseguir que estes se convertesen en consumidores e consumistas, para así dar circularidade ao sistema. Para conseguilo pagáballes salarios altos, esixíndolles normas de conduta estritas dentro e fóra da fábrica – controladas á súa vez por un departamento sociolóxico– para manter un proceso que cristalizase na ascensión dos traballadores a clase media consumidora potencial dos automóviles da súa fábrica. O resultado, como dicíamos, é que os mecanismos do Estado conseguisen inserir definitivamente á sociedade dentro dun sistema económico sen alternativas, o principal expoñente das cales era o chamado Estado de benestar rexido polo capital³².

Negri entende que esta é a situación na que vive o sistema capitalista á altura de 1968, momento do curtocircuíto. A partir de aí o capital reestrutúrase de novo e Negri comeza utilizando o concepto de "subsunción real" para facerse cargo deste:

«Termos como postmodernidade, como *Civilisation*, como *Nihilismus*, como *Krisis*, cando son utilizados para indica-la crise do racionalismo occidental na madurez capitalista, son, cada un na súa especificidade, sinónimos de 'subsunción real'»³³.

Ao chega-la postmodernidade, as mutacións no traballo, a chegada do postfordismo, a automatización das fábricas, a crecente informatización da sociedade, a perda de atribucións do Estado-nación na crecente fase da globalización, etc. vai cambiando o escenario de xogo. Por iso mesmo quizais pague a pena deterse uns intres neste cambio.

³²Víd. Texto 8.

³³FS, Prefazione.

III.

En primeiro lugar o Estado-Nación clásico vaise ver obrigado a aceptar unha perda das súas competencias e unha disolución das súas responsabilidades no que refire precisamente ao novo paradigma xurdido coa globalización, que impide a autonomía moderna da que gozaba o Estado. «A globalización significa os procesos en virtude dos cales os Estados nacionais soberanos se mesturan entre eles mediante actores transnacionais e as súas respectivas probabilidades de poder, orientacións, identidades e ensamblaxes varios»³⁴, e se poden distinguir nela distintas dimensións como a económica, a ecolóxica, a das comunicacións, a da organización do traballo ou a cultural.

Polo outro lado existen outra serie de trazos³⁵:

- O desenvolvemento experimentado polos fluxos de carácter especulativo, sesenta veces máis operacións que as que corresponden a transaccións materiais.
- A concentración dos capitais, xa que as fusións se multiplicaron por sete nos dous últimos decenios do s. XX³⁶.
- A deslocalización de miles de empresas ao mudarse, totalmente ou só en parte, a outros países para obter vantaxes fiscais, man de obra barata ou para aproveitarse de determinadas leis inaceptábeis para os seus “países de orixe”.
- A desregulación que, mentres avanzaban as privatizacións, provocaban que desaparecesen controis e trabas para os capitais.

Así mesmo a cultura xa forma parte do mercado, é outro medio de consumo, está dispoñíbel.

O camiño marcado en xeral polo capitalismo vai cara a esta dispoñibilidade: non é

³⁴Beck, U.: *¿Qué es la globalización?* Tradución de Bernardo Moreno e M^a Rosa Borrás. Barcelona, Paidós, 1997, p. 29.

³⁵Para o que segue, Cfr. Taibo, C.: *Movimientos antiglobalización*. Madrid, Los libros de la Catarata, 2007, pp. 16-19.

³⁶Cfr. Amin, S.: “¿Nueva fase del capitalismo? (o cura de rejuvenecimiento del capitalismo senil)”, en Monereo, M., e Riera, M. (Dir.), *Porto Alegre. Otro mundo es posible*. Barcelona, El viejo topo, 2001, p. 72.

casualidade que a tradición postmoderna saia dos EE. UU., porque alí o capital xa postulou unha liberdade no libre mercado, un libre mercado que serve como motor dun sistema baseado nunhas mercadorías que son presupostas, son xa os desexos dos seus integrantes, dos seus consumidores. Así é como o sistema configura os desexos: anticipándoos. E así é como o sistema se globaliza.

Fredric Jameson, un dos pais da teoría da postmodernidade, fala dela como correspondente cultural ao momento capitalista que se vive dende os anos oitenta: o capitalismo tardío, de terceira fase, ao fin, a globalización³⁷. Estes dous conceptos tamén vivirán relacionados, en parella: postmodernidade e globalización.

Non obstante debemos marca-la importancia noutra parte do problema, a saber, a xeneralización das leis do capital no que estas teñen de configuradoras da realidade global, e isto sucede porque as categorías de economía, política, socioloxía, filosofía, etc. xa están solapadas... ou xa forman parte do mesmo *pastiche*.

Sendo coherentes coa lóxica que move e alimenta o sistema global podemos comprender que un ente xurídico (o transnacional) que goza de total liberdade de actuación, dada a súa condición apátrida e a súa (consciente) desvinculación das obrigas nacionais, escolla un modelo de produción que potencie os beneficios, por exemplo, que garanta o seu crecemento, sen que lle incumban as transformacións sociais producidas en consecuencia. A fin do Estado-nación, polo tanto, está a provocar unha anteposición de intereses bolsistas mesmo á propia supervivencia planetaria.

A globalización do capital, e polo tanto do sistema, faise a través da deslocalización e da inmaterialización do traballo.

En canto á deslocalización, esta mostra e expresa como a clave non se sitúa xa en lugares ou cidades, nin en países claramente delimitados, senón en non-lugares. O propio sistema capitalista tende a converterse nun non-lugar, en realidade, tódolos lugares. Estes

³⁷Tese que defende en *Teoría de la postmodernidad*. Tradución de Celia Montolío Nicholson e Ramón del Castillo. Madrid, Trotta, 1996.

lugares móstranse por exemplo nas mallas e xogos de malla da realidade informática. Do mesmo modo xa funcionan lóxicas pantasma que se asoman a través de localizacións falsas feitas dende outras localizacións, á súa vez, tamén falsas ou simuladas...

Podemos pensar por exemplo no xeito en que o chamado primeiro mundo xa non contén dentro súa as súas propias formas, medios e modos de produción senón só fábricas que non serven máis que para identifica-lo contido que se produciu noutras zonas... zonas do segundo ou terceiro mundo...

A xeneralización desta tendencia é, probabelmente, a que xerou que este primeiro mundo se caracterice como tal estando delimitado simplemente como sociedade de servizos. O capital agora xa está transformado en algo multinacional, algo que flúe continuamente por unha malla de distribución imperceptíbel e imparábel... Tal é a situación da tecnoloxía, a informática, a especulación económica, etc. Sen centros, sen regras fixas, sen sistema externo, sen control, sen goberno... Agora un goberno dun Estado-nación xa non pode controlar este fluxo: é a mesma tecnoloxía, como diría Heidegger, a que se autoregula, é o mesmo colonizador, diría Žižek, o que se autocoloniza, é o mesmo inmune, diría Derrida, o que se autoinmuniza.

É chegado a este punto cando debemos recordar o exilio de Negri a Francia, que se produce en 1983. Negri toma relación a partir deses momentos con boa parte da intelectualidade comprometida francesa, coa que xa tivera contacto nos anos do *laboratorio*, en concreto con Foucault, Deleuze e, especialmente, Félix Guattari, que se converte en grande amigo.

Estes datos son importantes pois serán conceptos destes tres autores fundamentais na evolución do pensamento negrista. Será o traballo especialmente de Deleuze e Guattari o que axudará a pensar dende outra perspectiva as categorías marxianas.

Podemos comezar a falar desta realidade volvendo á noción de traballo. Na postmodernidade os fenómenos da deslocalización, o traballo inmaterial e o chamado postfordismo viven relacionados. É o capital, agora, o que se apodera das tendencias á mobilidade, do rexeitamento da ética do traballo e a flexibilidade para reestruturar sobre estas bases dinámicas novos dispositivos para a súa propia reprodución, aspecto importante da subsunción real.

Foucault por exemplo ve como algo historicamente importante o paso da sociedade chamada disciplinaria ás chamadas sociedades de control, e isto é analizado en profundidade por Deleuze.

A sociedade disciplinaria é unha sociedade na que o dominio se fai mediante a creación dunha serie de hábitos e costumes na sociedade que buscan asegurar ese dominio – sexa mediante o entretemento ou a realización de actividades de todo tipo por parte da sociedade– e a obediencia da cal é comandada dende unha serie de institucións que se converten en fundamentais para a vida da sociedade. Estas institucións son “disciplinarias” –a prisión, a fábrica, o asilo, o hospital, a universidade, o colexio, etc.–, estruturan a vida social e ofrecen unha lóxica á instauración e mantemento da disciplina. Así, ocúpense de aguantar-las límites de pensamento e acción na vida social, castigando aos que se salguen do límite, un límite e unha práctica que asegura a orde interna da sociedade e o dominio exercido sobre ela.

Pola contra, a sociedade de control realiza este mesmo exercicio nunha sociedade postmoderna, isto é, realiza o control de xeito democrático, interiorizando os comportamentos nos individuos mediante a súa produción. Deste modo as subxectividades vanse conformando en consonancia coa produción de mecanismos internos de control, que ademais se mostran como resultado dun diálogo global, como democráticos.

Para Deleuze «nunha sociedade de control, a empresa substituíu á fábrica. [...] Sen dúbida a fábrica xa coñecía o sistema de primas, pero a empresa esfórzase máis profundamente por impoñer unha modulación de cada salario. [...] Se os xogos televisados máis idiotas teñen tanto éxito é porque expresan axeitadamente a situación de empresa. A fábrica constituía os individuos en corpos, pola dobre vantaxe do patrón que vixiaba a cada elemento na masa, e dos sindicatos que mobilizaban unha masa de resistencia; pero a empresa non deixa de introducir unha rivalidade inexplicábel como sa emulación, excelente motivación que opón aos individuos entre eles e atravesa cada un, dividíndoo en si mesmo. O principio modular do “salario ao mérito” non deixou de tentar á propia educación nacional: en efecto, así como a empresa substitúe á fábrica, a formación permanente tende a

substituír á escola, e a avaliación continua ao exame»³⁸.

Nas sociedades de control nunca remata nada e aquilo que as delimita non é máis que difuso. A subsunción propia da sociedade de control vese claramente tamén, como diciamos, na noción de traballo. Ao desaparece-la fábrica como dominante en favor da empresa, o traballo individual polo cooperativo, o salario fixo polo variábel e o traballo material polo inmaterial, tamén a xornada laboral sofre un cambio nesta mesma liña e insírese nunha lóxica que non ten principio nin final, senón que está intelectualmente (ou científica ou afectivamente) producindo a tódalas horas. Mesmo se expresa a mesma intensidade no outro anverso da moeda, como os traballos que se popularizaron en Inglaterra a finais da década dos anos 90, coñecidos como os “contratos de traballo a tempo cero”, que obrigan ao empregado a pasear diariamente un móbil ate que sexa requirida a súa presenza no lugar de traballo.

Deste xeito o sistema pasa a centra-la súa actividade na produción *semántica* de subxectividade. Da produción de obxectos de consumo á produción do consumo mesmo, de modo que pasa a se-lo artífice da súa propia lexitimidade. O nacemento do capitalismo cognitivo leva a unha situación límite, en canto o traballo sobre as consciencias, o esforzo na subxectivación, a posta en funcionamento de dispositivos de enunciación cada vez máis potentes, cada vez máis fundidos no cotián, supoñen a eliminación da posibilidade crítica.

O traballo de Foucault permite chegar ao concepto de biopolítica analizando a natureza deste novo paradigma do poder e a súa importancia crece no novo contexto das sociedades de control e a soberanía imperial³⁹.

Unha das repercusións fundamentais disto é que a subsunción real xa non é, como en Marx, unha subsunción económica senón que abrangue a vida social mesma, o propio *bios*. Así é como a sociedade civil queda absorbida no Estado e, polo tanto, aqueles elementos propios dela estoupan no interior do mesmo, quen perde a capacidade de mediar entre as diferentes forzas sociais. É deste modo como a explotación pasa a ser a corrupción de vivir

³⁸Deleuze, G: “Posdata sobre las sociedades de control”, en Ferrer, Ch. (Comp.): *El lenguaje literario*, Tº 2. Montevideo, Nordan, 1991.

³⁹Víd. Textos 17 e 18.

común en sociedade.

Tanto para Negri coma para Deleuze-Guattari o poder é contradictorio pois mentres incorpora para si a vida social na súa totalidade revela un novo contexto de multiplicidade e singularidade: o contexto da posibilidade da resistencia e dun novo rexurdir do acontecemento⁴⁰.

Pero debemos entende-la biopolítica como algo derivado do concepto de forza de traballo⁴¹. Cando hai unha mercadoría que se chama forza de traballo está xa implícito o goberno sobre a vida. A forza de traballo é unha mercadoría paradoxal porque non é unha mercadoría real como un libro ou unha botella de auga, senón que é a simple potencia de producir. Cando se transforma en mercadoría a potencia en canto tal, entón hai que gobernal-lo corpo vivente que mantén esta potencia, que contén esta potencia.

Lembramos tamén a profundidade e alcance ontolóxico que o concepto de potencia vai ter para Negri e para Deleuze que, á súa vez, recollen de Spinoza⁴². A importancia é crucial nos tres, pero en Spinoza podemos ve-lo calibre do concepto en canto ao seu discurso sobre os afectos do ser humano, pois estes son vistos como diminucións e aumentos de potencia vividos e non forzosamente conscientes. Esta é unha concepción moi profunda do afecto⁴³.

Aos afectos que son aumentos de potencia chámalo alegrías; aos afectos que son diminucións de potencia tristuras. Os afectos están ou ben na base da alegría, ou ben na base da tristura.

⁴⁰É importante resaltar neste terreo as profundas diferenzas que Negri ten con Deleuze ao respecto do acontecemento, aínda que Negri non o trate polo miúdo en ningún momento, só de xeito transversal en *KAVM*. Porén, semella que en Negri o acontecemento pode ser provocado polas subxectividades en acción. En Deleuze, pola contra, para entende-lo acontecemento hai que remitir a unha concepción de tempo afastada do ser-presente: o Aion, alleo á presenza, nunca presente e sempre subdividido polo pasado e o futuro. O tempo do acontecemento en Deleuze é «o tempo máis pequecho, máis pequeno que o mínimo de tempo continuo pensábel» (Deleuze, G.: *Lógica del sentido. Op. cit.* p. 88), pero o instante ensánchase ate abarcar todo o ciclo do tempo. O acontecemento do Aion é algo que ten lugar na superficie dos corpos, que non é un ser senón un xeito de ser, é un resultado, un efecto, da acción dos seres pero *non se pode clasificar entre estes*. O *kairós* de Negri, pese a ser unha tentativa de articulación dun concepto de tempo non vulgar, segue marcado pola concepción do ser como presenza. Víd., confrontando, *KAVM, CT e MT*; Deleuze, G.: *Lógica del sentido. Op. cit.* Así mesmo, Martínez, F. J.: *Ontología y diferencia. La filosofía de Gilles Deleuze*. Madrid, Orígenes, 1987, pp. 55-98.

⁴¹Cfr. Virno, P.: “*General Intellect, éxodo, multitud*. Entrevista con Paolo Virno”, en *Archipiélago* 54. Madrid, 2003.

⁴²Víd. AS e SS.

⁴³Para o que segue, víd. Spinoza, B.: *Ética*. Tradución de Vidal Peña. Madrid, Alianza, 1999, pp. 191-280.

Mesmo a razón é a potencia de pensar ou de coñecer. Por último, unha acción non é máis que algo que o meu corpo pode.

É lembrada a afirmación de Deleuze segundo a cal non se define algo polo que “é” senón polo que “pode”. Que quere dicir isto? Quere dicir que as cousas son as potencias. Non é simplemente que son da potencia, senón que traen consigo a potencia que son.

Deste modo a potencia impulsa a forma na que a vida humana se dá e marca así mesmo os procesos de subxectivación. Ben, pois Negri porá a referencia en que estes procesos de subxectivación en tanto que proceso global e colectivo son os que forman a política. E á fonte expansiva que a produce e se fai cargo dela, Negri chámala “poder constituínte”⁴⁴.

Lembramos tamén, no que refire á influencia do pensamento de Deleuze-Guattari sobre Negri, que para estes do que se ocupa a filosofía é xustamente de inventar conceptos, de crear conceptos novos.

E o concepto de “poder constituínte” vai ser fundamental no pensamento negrista, pero non se entenderá sen a lectura deleuziana da potencia en Spinoza.

O “poder constituínte” é aquilo que produce as normas constitucionais de todo ordenamento xurídico, polo tanto é o suxeito desta produción. Pero a potencia da que se basea non se integra no obxecto producido senón que, como fonte, permanece estraña. Así, non se pode reducir ao campo do dereito, á constitución ou á orde xurídica dunha sociedade. Non obstante, é en función do poder constituínte que eles crean.

Entendéndoo como poder omnipotente é a revolución mesma, expansiva e ilimitada no tempo e o espazo. Pero a ciencia xurídica reduce o seu poder entendéndoo como produtor do dereito, ou sexa, como poder constituído. É deste modo como aquilo que debe lexitimar todo proceso xurídico queda atrapado no propio sistema que xerou, o da representación política. Aquí segue entrando en xogo unha peculiar lectura de Spinoza, acorde coa deleuziana, a partir da que se conclúe a democracia absoluta como aquilo que se constitúe sobre a potencia da multitude.

A lectura ontolóxica á que nos referimos distingue dúas concepcións de Ser, a que

⁴⁴Víd. Texto 14.

mantén que o Ser se di de todo o que é nun mesmo e único sentido (ontoloxías “puras”, segundo Deleuze), e a que asume que o Un é superior ao Ser e marca de principio unha xerarquía (filosofías do Un)⁴⁵.

En canto á primeira visión, foxe da xerarquía, aínda que iso non signifique que os entes sexan iguais entre si, xa que todos teñen unha potencia distinta, pero á súa vez todos valen para o Ser, xa que este se di do mesmo xeito para todos. Esta é unha visión inmanentista, antixerárquica. Do que tratan os entes é de executa-la súa potencia do mellor xeito, e iso é no que consiste a sociedade: o conxunto das condicións baixo as cales o ser humano pode efectuar mellor a súa potencia. Visto deste modo, a relación Estado-sociedade non é unha relación de obediencia se esta non está xustificada, se non está lexitimada pola propia sociedade. Ao contrario, nunha filosofía do Un, a obediencia xa se presupón, pois hai xerarquía, hai subsunción da sociedade no Estado⁴⁶.

Por este camiño é polo que chegamos á democracia absoluta e ao poder constituínte como unha forza que irrompe, quebranta todo equilibrio preexistente: Poder constituínte é democracia como poder absoluto. O que significa que tanto revolución como democracia se autoimplican co poder constituínte. Ou dito doutro xeito, é el o que fai cristalizar en torno súa o concepto de revolución democrática.

Non obstante, a ciencia xurídica xustifica o Estado mediante o concepto de soberanía, e esta á súa vez móstrase no Estado mediante unha constitución formal ríxida, que pretende esgotar, reter e determina-lo poder constituínte do que flúe.

Unha soberanía ligada ao poder constituínte só tería sentido como unha praxe continua que se exercese como vías de escape á opresión do Estado. En linguaxe de Deleuze-Guattari, diríamos que funcionaría como liñas de fuga que liberarían un fluxo que corre baixo o sistema. Polo tanto o poder constituínte tamén remite á resistencia e á cooperación. Na cooperación é traballo vivo baseado na autovalorización. Ou dito doutro modo, o traballo vivo é poder constituínte que se opón a poder constituído e é, polo tanto, incesante apertura de novas posibilidades, algo tanto máis importante en canto nos situamos

⁴⁵Cfr. Deleuze, G.: *Course de Vincennes sur Spinoza*, 12-12-1980. Dispoñíbel en *En medio de Spinoza*. Tradución do equipo editorial Cactus. Buenos Aires, Cactus, 2006; tamén en internet en <http://www.webdeleuze.com/php/texte.php?cle=10&groupe=Spinoza&langue=1>

⁴⁶Víd. Texto 12.

no contexto da postmodernidade e a globalización, entendendo xa este proceso como un conxunto que fixo da heteroxeneidade algo homoxéneo, e que xa non remite a ningún fóra, é dicir, unha subsunción total, un Imperio.

No que respecta á resistencia, as liñas de fuga son reasimiladas por Negri e outros no concepto de *éxodo*, que máis que referir a unha fuxida da “loita” refire a unha saída das categorías das institucións estatais, un rexeitamento delas e unha creación de unha nova esfera pública á marxe das mesmas.

Deleuze e Guattari postulan o concepto de “desterritorialización” como un desprazamento do territorio que refire ao movemento postmoderno dun continuo desprazamento de significados, linguaxes, discursos e identidades, un cambio que implica constantes deconstrucións e reconstrucións, e a solución da cal é a actividade revolucionaria⁴⁷.

A actividade revolucionaria entenderíase á súa vez como a produción de curtocircuitos na realidade, na realidade do sistema, curtocircuitos que abrisen o presente á chegada dun porvir, curtocircuitos como o maio do 68 francés, que para Deleuze non significou, dende logo, ningún fracaso senón un acontecemento.

«Maio do 68 foi a manifestación, a irrupción dun devir en estado puro»⁴⁸, un devir que se subtrae á historia e a curtocircuíta.

Este tipo de acontecementos, claramente, «non se poden explicar polos estados de cousas que os suscitan ou nos que desembocan. Álzanse por un intre, e este intre é o importante, esta é a oportunidade que hai que aproveitar»⁴⁹.

Outra forma de falar disto é referirse á produción de subxectividade revolucionaria. Contra a instauración do capitalismo cognitivo e a produción semántica de subxectividade por parte do sistema, contra o control desenvolvido pola biopolítica, a saída é a produción constante de poder constituínte e a realización de curtocircuitos e liñas de fuga no sistema, é dicir, producir subxectividade revolucionaria.

⁴⁷Deleuze, G.: *Conversaciones 1972-1990*. Tradución de José Luis Pardo. Valencia, Pre-textos, 1995, p. 21.

⁴⁸*Op. cit.* p. 144.

⁴⁹*Op. cit.* p. 149.

En *Las verdades nómadas*, Negri e Guattari escriben a catro mans un manifesto comunista revolucionario que xa utiliza unha linguaxe híbrida de ámbolos dous autores⁵⁰.

O comunismo veno como a creación de condicións para subverte-la situación actual, e o medio para facelo é a autoorganización, a autovalorización, o rexeitamento do traballo, que tende á destrución das estruturas máis tradicionais. O traballo vivo, pois, en canto proceso liberador e creativo xera modos de ser singulares, produción de novas formas de subxectividade colectiva. O singular é pensado como unha manifestación da multiplicidade e da súa creatividade.

Pero o horizonte cambiou dende 1968, e hoxe a subsunción do Estado e o capital é total, e a postmodernidade e a globalización fixeron que a autonomía do Estado-nación se fora diluíndo precisamente en función daquela subsunción, desterritorializáronse.

Guattari chama á subsunción con outro nome, que en *Las verdades nómadas* Negri tamén asume: *Capitalismo Mundial Integrado*, baixo o cal todos estamos sometidos pois non podemos xa localiza-lo poder.

A nivel xeral, en linguaxe de Guattari *molar*, unha visión dende arriba, se o socialismo e mal chamado comunismo de Europa do Leste uniuse na planificación económica, o CMI integrou no capital a todo o bloque do Oeste con intención de continua-la súa expansión. E efectivamente, despois da caída do muro de Berlín esta expansión é total.

Ao mesmo tempo o Estado-nación vai deixando o seu lugar preferente ao mercado mundial que substitúe as súas institucións fundamentais por outras que asumen as súas competencias e que escapan a todo control democrático, como a Organización Mundial de Comercio, o Fondo Monetario Internacional, o Banco Central Europeo, etc.

De feito, o Estado xa non ten máis función que asegura-la orde interna, dispo-los corpos e forzas de seguridade para que a máquina mundial siga en marcha. As verdadeiras decisións xóganse agora nos mercados financeiros, nas xuntas directivas das grandes multinacionais, nas reunións empresariais transnacionais. As decisións políticas xogan a favor dos mercados mundiais mentres se segue instalando nas consciencias a necesidade do crecemento económico infinito, sen ter en conta as nefastas consecuencias directas: aumento das desigualdades, destrución ecolóxica, etc. E esta é a situación que configura o

⁵⁰Víd. Texto 7.

concepto de *Imperio*.

E a súa lexitimidade tamén é importante para comprende-la viaxe dada dende a oposición ao Estado-nación moderno ate este punto concreto da globalización. O Imperio non fai referencia a nada exterior a si mesmo e ten na comunicación, os *media*, un membro moi relevante.

Os medios de comunicación no Imperio reproducen a orde establecida e, con ela, os desexos e preferencias das multitudes e ordénanos baseándose na súa estrutura, unha estrutura xerárquica e vertical que reproduce á súa vez a explotación do capital. Dito doutro modo, en palabras de Deleuze-Guattari, reterritorializan os fluxos en devir. Deste modo a comunicación e a reprodución vense clara e definitivamente inseridas na lóxica do biopoder, que produce continuamente novas subxectividade mentres, no proceso, se autolexitima.

É igualmente importante o xeito en que se produce a produción de subxectividade. Na modernidade, as institucións delimitaban claramente o lugar da produción, isto é, o lugar de formación da persoa, o lugar no que se facía suxeito, onde se producía a súa subxectividade: a familia, a escola, o cuartel, o convento, a empresa, etc. Unhas referíanse ás outras como o seu exterior superado, como na escola se proclama que xa non se está na casa, no cuartel que xa non se está na escola, etc.

A novidade do Imperio é que o lugar conciso da produción de subxectividade xa non está reducido ás institucións, senón que se dissolve no proceso. Agora estase sempre na familia, na escola, na empresa, etc. E do mesmo modo a subxectividade producida é indeterminada, xa non corresponde a unha forma típica como xa non responde a un lugar fixo.

Ao non o ter e non distinguir entre dentro e fóra, ao abranguer toda a realidade, remata a separación entre valor de uso e valor de cambio propio do marxismo e, con iso, a esperanza posta na reivindicación do valor de uso como saída e liña de fuga ao intercambio do capital. Pero coa produción continua o Imperio atópase nun brete, pois produce así mesmo relacións sociais, forzas produtivas, pon en contacto entre si aos explotados, produce contrapoder.

Así, o pensamento de Negri diríxese non a crear resistencia, pois ela estivo dende

sempre aí, e é a situación normal no explotado, senón que se dirixe a que a resistencia recoñeza ao inimigo, e o recoñeza como común, e non se dilúa co achique de espazos e lugares imperiais. O inimigo é a soberanía imperial e a creatividade virá de inventa-los medios para subverte-lo seu poder.

En todo caso, como dicíamos, o Imperio abrángueo todo, non fai referencia a ningún fóra e é o campo da biopolítica, outra forma de referirse á subsunción real da sociedade no capital. Pero unindo a expansión informatizada da produción, a información e os mecanismos de control, atopámonos con que os procesos de subxectivación deixan de ser simplemente actuais ou posíbeis senón que xa xogan no ámbito do virtual.

E o virtual, que funciona no Imperio a base de descoloca-los lugares e os procesos, tamén é unha arma da multitude.

O poder expansivo que se extrae da virtualidade afecta tamén ao traballo, que non é máis que o poder común de actuar. Deste modo o poder virtual do traballo é un poder de autovalorización que vai alén da persoa, se estende e constitúe unha comunidade expansiva. As accións comúns, polo tanto, configuran así un poder constituínte.

E ademais, no Imperio, que se construíu sobre unha crise (do actual, do posíbel, do político, do moderno, dos límites e as separacións entre categorías)⁵¹, sobre a postmodernidade mesma, todo antagonismo conduce cara ao acontecemento e a singularidade, cara á novidade mesma.

A responsabilidade dese acontecemento, en certa medida forma parte da multitude, pois a multitude, na súa continua (re)configuración como subxectividade política, como conxunto autónomo de singularidades antagónicas ao poder imperial, asume o acontecemento como aquilo que sairá da repetición de actos creadores, de cabalga-la potencia e de realizar poder constituínte.

Seguindo este rego, a multitude utiliza o éxodo e o nomadismo para desterritorializarse nos fluxos do imperio, transformando o desexo en parte dunha comunidade singular. A través da circulación libre a multitude aprópiase do espazo e constitúese nun suxeito activo, unha subxectividade, ao fin, á busca e captura do acontecemento da democracia absoluta.

⁵¹Víd. Texto 13.

Dentro do fenómeno da globalización o férreo dominio do Imperio contraponse á posibilidade dun proxecto común en mans de quen o queira facer realidade. Hoxe a democracia é busca-lo común que nos une sen unificarnos, mantendo a nosa singularidade e independencia, pero sen por iso deixar de traballar nun proxecto, á procura dunha comunidade inclusiva, na malla.

É por iso polo que a multitude primeiramente se distingue do pobo e a masa⁵². O pobo é un, representa unha unidade e unha identidade única, así como as masas, aínda sendo plurais, móstranse como indiferenciadas, non son autónomas nas súas diferenzas.

É a multitude a que mantén a singularidade e a armazón diferencial que o caracteriza sen que iso sexa un impedimento para traballar polo común, por aquilo que os une: o desexo da democracia. E, de novo, ese desexo, iso común, non é algo por descubrir, é algo por producir, por crear.

Se a hipótese de traballo de Negri e Hardt é correcta, a situación actual do Imperio é o estado de guerra permanente, cando é a guerra a que provoca a realización de acometidas políticas e económicas a nivel internacional. Así visto, xa non é que a democracia representativa sexa unha fraude –como sempre pensou Negri– senón que mesmo esta anda hoxe en día suspendida.

Unha das tarefas pendentas da multitude é, insistindo nos novos medios de comunicación, nas novas formas de cooperación, provoca-lo alzamento dalgún tipo de intelixencia colectiva que se puidese facer cargo da auto-organización sempre detrás do común, sempre respectando a singularidade e diferenzas das subxectividades revolucionarias que imprimen a súa pegada na multitude como suxeito político emerxente baseado na súa potencia⁵³. O común mantén as singularidades e as diferenzas individuais intactas en contraposición coa comunidade, onde os individuos se disolven.

Agora, dende a concepción do común como central e clave na análise da multitude, podemos retoma-lo problema da crise do valor, a multiplicación do traballo inmaterial e o que iso significa con respecto ao concepto de explotación.

Diciamos anteriormente que para Marx a riqueza viña do traballo e era este o que

⁵²Víd. Texto 21.

⁵³Víd. Texto 20.

imprimía o valor. Polo tanto, a medida do traballo (traballo abstracto) era a forma de calibra-lo valor, e por iso, as unidades de traballo simple víanse como equivalencias á hora da creación de valor.

Hoxe, non obstante, coa expansión do traballo inmaterial e o poder biopolítico, as unidades de traballo deixan de ser medida de nada. As xornadas de traballo son xa difusas en canto á súa diferenza con respecto ao ocio pero, sobre todo, a riqueza que se extrae do traballo toma a súa forma na cooperación e comunicación, imprescindíbeis no traballo inmaterial, o que non fai posíbel calcula-lo valor pola cantidade de traballo individual e, polo tanto, é certa idea do común o que imprime ese valor. Do mesmo xeito sucede coa explotación, que para Marx era a cantidade de traballo excedente, é dicir, a parte da xornada de traballo na que o traballador producía máis valor que o que recibía no salario, o que constituía a plusvalía apropiada polo capitalista.

Agora a explotación refire á expropiación do común por parte do capitalista, o que conecta directamente a malla cos grupos de *hackers*, *software libre* e licenzas *procomún*, *creative commons*, etc. que buscan a eliminación das patentes e os dereitos de autor como obstáculos no camiño da recuperación do espazo común, e que busca ao mesmo tempo dinamita-lo vampirismo das grandes compañías con respecto á plusvalía destas obras.

A explotación é, pois, a apropiación privada dun valor producido en común. E, así, do mesmo modo, a xustificación xurídica da propiedade privada vese abolida pola natureza común e social da produción. O único que pode seguir lexitimando este concepto é a violencia.

Algo semellante sucede coa concepción de soberanía, o concepto central de toda a filosofía política. A soberanía sempre se reduciu á lexitimación do poder, este sempre se realizou baixo o mando da transcendencia e da unidade. O poder debía ser rexentado por un, fose individuo, grupo ou pobo, todos eles funcionando baixo a mesma lóxica da unidade e a unificación das diferenzas. Así mesmo, o poder soberano viña dado dende unha posición externa que lexitimaba o uso deste poder, unha posición, no fondo, teolóxica ou, polo menos, mística.

A multitude, pola contra, loita no plano da imanencia, o único que considera real, e da singularidade diferencial, xa que non son unha unidade senón un conxunto de singularidades diferentes. Por iso a noción de soberanía que se debe deducir desta nova

situación ten que ser algo nova, ten que ser un acontecemento.

A soberanía clásica, que lexitima o poder e o fai obedecíbel, destruírase mediante as mallas autónomas de colaboración e cooperación das multitudes. Debe ser destruída e substituída pola democracia absoluta. A capacidade múltiple de tomar decisións democráticas será, ao final, a que faga innecesaria a idea de soberanía. A potencia que portan consigo debe transformarse en poder constituínte, en traballo vivo, en creación de novas institucións, novos mecanismos e novas armas de resistencia, lembrando sempre que a resistencia é algo positivo e construtivo, é unha resposta pero é unha resposta previa, un “si” previo a toda pregunta, unha apertura cara a o outro, un lugar de acollida, novamente un acontecemento.

ANTOLOXÍA DE TEXTOS

Texto 1

[*Descartes politico o della ragionevole ideologia*. Milano. Feltrinelli, 1970]

O desencontro entre forzas produtivas e relacións capitalistas de produción, tanto na realidade como na representación (teórica e metafísica, científica e historiográfica), vai sempre ligado aos acontecementos, ás relacións de forza, á capacidade creativa dos suxeitos históricos. Se hoxe isto é totalmente evidente, non o é menos no drama filosófico da modernidade. Tanto Descartes como Hobbes, Spinoza como Leibniz, Kant como Hegel, non son pantasma do pensamento (dun percorrido histórico de paixóns sempre irresolúbeis) senón alternativas concretas na realidade de épocas históricas singulares. É por isto que os amamos ou odiamos, os consideramos forza vital ou, pola contra, esqueletos que amolan o noso pensamento –nunha alternativa que é significativa das diversas virtualidades das que é capaz, e na que consiste, a potencia do proceso histórico. Aquela revolución teórica do marxismo e aquela redefinición das súas funcións críticas, que nos anos 60 se fixeron a través do *operaismo* italiano e o *postestruturalismo* francés, tiveron como selo de garantía a forza desta relación vivinte co pensamento filosófico, en xeral, e consecuentemente o privilexio dunha capacidade de interpretación *inmanente* ao devir subxectivo da modernidade. [...] A subxectivación das forzas produtivas non é de feito un proceso que deba agardar á postmodernidade, nin ao xurdir do *General Intellect*, facéndoo en plenitude – máis ben ela vai sempre implícita, virtualmente presente, bruscamente activa na configuración dos sistemas ideolóxicos do poder, capaz tanto de condicionalos como de, eventualmente, facelos entrar en crise.

(*DP*, p. 10)

Texto 2

Nos anos 60 o problema fundamental para os que se movían no materialismo e reinterpretaban criticamente o marxismo, foi aquilo de opor o materialismo histórico á dialéctica. O problema que xorde na continuidade daquela liorta é o de opor a todo transcendentalismo unha perspectiva de inmanencia absoluta.

(DP, p.22)

Texto 3

“Partito operaio contro il lavoro”, en *Crisi e organizzazione operaia*. Milano. Feltrinelli, 1974.

Forza-la autonomía dende dentro, impelela cara a dirección. Transforma-la existencia dunha continuidade de loitas obreiras na fábrica e sobre o territorio nunha extensión molecular de puntos de poder obreiro, de capacidade de apropiación, de construción de marcos globais. Se este proxecto é para nós un compromiso, unha aposta subxectiva baseada na conciencia da tendencia (mais, por outra banda, a tendencia só será real cando a subxectividade de masas venza, e venza por este rego), se este é o noso compromiso pois, hai que dicir que precisamente neste terreo, precisamente en torno a este proceso motriz, da

autonomía á dirección obreira, os patróns desataron a máxima presión represiva. Pode ser enganoso toma-los movementos dos patróns como indicacións das liñas a seguir: pero hai que dicir tamén que cando os patróns vense acurrallados ao límite da súa capacidade de defensa, a súa acción acostuma a ser intelixente. Agora ben, o característico do actual momento político dos patróns é o seu abandono da esperanza de esmaga-la autonomía. *No Estado keynesiano, a rixidez dos salarios á baixa constituía o límite da acción dos patróns; no Estado-criese, o preliminar é a resistencia e a permanencia (recoñecidas) da autonomía, unha esfera xa non de salario senón de poder. Trátase dunha especie de dualismo de poder, insuprimíbel, que impón cando menos unha situación de estancamento económico, algo que o patrón vese obrigado a aceptar.* Pero toda a súa forza envorca sobre este limiar: contra a tradución do poder obreiro en forza de ataque, do estancamento en obstrución total do mecanismo de reprodución, da acción de vangarda obreira en acción proletaria revolucionaria: contra todo isto combate primordialmente o patrón. *Reforma do modo de produción*, xa o vimos, para bloquear e illa-la autonomía e racha-la unidade proletaria na sociedade; pero tamén *reforma do Estado*, dirixida non a esmaga-la autonomía (quen fala de fascistización non entende que precisamente é o contrario o específico do noso tempo), senón a contela, a illala mediante a intensificación da actividade do poder executivo e un perfeccionamento da práctica administrativa –de por si dialéctica, nos termos máis banais, é dicir, instrumental, socialista– do control social. E logo: un antigo refrán obreiro suxire atacar alí onde o patrón mostra que se lle feriu. Esta indución empírica aválase pola bagaxe da ciencia obreira da crise. Por conseguinte, avancemos neste terreo, forcemos o paso da autonomía á dirección obreira.

Pero o capital, na crise, non só acciona o bloqueo da autonomía. A caída da lei do valor e a súa reprodución mistificada en termos de poder de mando diríxense á separación de fábrica e sociedade. Por outra banda, a unidade do traballo produtivo enlázase na conciencia obreira como proxecto de apropiación da riqueza social global. É este proxecto actual e posíbel? Cal é a relación que pode establecer neste terreo a dirección obreira? *A priori*, só se pode enuncia-la nosa vontade e manifesta-lo proxecto –a obstinación violenta das vangardas– de medirse neste terreo. Teoricamente, en virtude desta relación, a necesidade política da clase faise función organizativa. Do mesmo xeito que os patróns, a pesares de toda mistificación, volven á fábrica para tentea-lo fundamento do seu poder, igualmente *a clase obreira erixe na fábrica a súa capacidade de destrución revolucionaria*

do traballo. Mais igual que os patróns erixen sobre o illamento da fábrica con respecto á unidade social do traballo produtivo a súa capacidade de reprodución do valor, do mesmo xeito a clase obreira só pode atopar nesta conxunción a capacidade de reproducir, de multiplicar e, por conseguinte, de organiza-lo paso da loita autónoma á loita polo poder. Forza-la pasaxe da autonomía á dirección obreira, dixemos de entrada. *Pero o contido da dirección obreira* (non empírico senón substancial, loita contra o traballo social e apropiación) *é a loita social no seu conxunto, é a insubordinación de todo o proletariado*. A unidade organizativa que debe expandirse molecularmente *constitúe a base vermella*, o territorio liberado, no que a apropiación faise práctica de masas. O contido material da loita contra o traballo –*salario contra traballo*– propágase por toda a sociedade. A forma específica da loita contra o traballo –*poder contra mando*– esténdese e tradúcese en ondas de apropiación. *Da dirección obreira da autonomía á dirección obreira da base vermella, esta é, pois, a segunda tarefa fundamental da vangarda de masas*. Hai que interpreta-lo estoupido obxectivo, material, do poder obreiro –dentro da tendencia á caída da taxa de beneficio– dende un punto de vista subxectivo, organizativo. A aproximación do poder obreiro á súa forma organizativa acabada constitúe un proceso que a iniciativa subxectiva xoga ate o final. O único problema, na situación actual, dada a riqueza de indicios positivos que presenta a sucesión cotiá de acontecementos, radica en tirar cara adiante, en darlle pulo ao movemento.

(*COO*, pp. 151-152)

Texto 4

[*Dall'operaio massa all'operaio sociale: intervista sull'operaiismo.*

Milano. Multhipla, 1979]

A co-investigación [*coricerca*] revélache (e este é o primeiro momento fundamental) que toda a organización técnica do traballo vai estreitamente conectada coa explotación e que en realidade non se pode nin sequera dicir “estreitamente conectada” porque é algo máis profundo que a conexión, é a esencia do feito: ben, entón hai que concluír que, practicamente, tecnoloxía é mando no sentido máis pleno da palabra, que proceso de traballo é inmediatamente proceso de valorización, que non existe unha lei do valor que sexa distinta da lei do plusvalor, que non existe neutralidade neste proceso e que non existe ciencia que non fose xa subsumida polo capital. Esta era a posición xeral e radical de tódolos compañeiros dos “Quaderni rossi”.

(*OPOS*, p.58)

Texto 5

[*Le verità nomadi. Per nuovi spazi di libertà* (con Félix Guattari). Roma, Antonio Pellicani Editore, 1989]

O comunismo, como Marx nos di, nace directamente do antagonismo de clase, do rexeitamento do traballo e á súa organización, tanto na forma burguesa como socialista. [...] O socialismo non é máis que un dos xeitos de xestionar capitalistamente a economía e o poder; pola contra, o comunismo é radicalísima democracia económico-política e esperanza de liberdade.

[...] Non hai ningún progreso, non hai ningunha *transición* do capitalismo ao comunismo *mediante* o socialismo. *O comunismo*, de feito, *constitúe o programa mínimo*. Pode e debe construírse a partir das condicións da sociedade capitalista e/ou socialista, *dentro* destas condicións. Non hai dúas ou tres ou catro ou “n” fases ou estadios de

desenvolvemento: só hai un, o que chega ao atopa-lo grado no que o capitalismo e/ou o socialismo fixeron social, abstracta e común a produción, o que leva a reorganizar esta cooperación á marxe e contra o roubo cotiá de poder e de riqueza feito por uns poucos contra toda a sociedade. O comunismo vive xa nas sociedades capitalistas e/ou socialistas de hoxe como unha orde secreta e profunda da cooperación produtiva.

(VN, “Premessa 1989”)

Texto 6

E, con todo, o desenvolvemento das ciencias e da potencia produtiva do traballo alcanzou o nivel dunha alternativa (*princept*) entre o exterminio e o comunismo, entendéndoo como liberación do traballo, non como reapropiación da riqueza producida (esterco que non se pode usar nin como abono), senón como valorización da potencialidade da produción colectiva.

O comunismo consiste en crea-las condicións para o emerxer dunha permanente renovación da actividade humana e da produción social despregando procesos de singularización. Só un inmenso movemento de reapropiación do traballo, en tanto actividade libre e creadora, en tanto transformación das relacións entre os suxeitos, só unha revelación das singularidades individuais e/ou colectivas, esmagadas, bloqueadas, dialectizadas, polo ritmo da opresión, xerará novas relacións de desexo susceptíbeis de transformar completamente a situación actual.

O traballo pode ser liberado porque pola súa propia esencia é un modo de ser do humano cunha tendencia colectiva, racional, solidaria. O capitalismo e o socialismo sométeno a unha máquina logocéntrica, autoritaria, potencialmente destrutiva. A redución dos niveis de explotación directa e mortal que os traballadores impuxeron mediante os seus movementos progresistas nos países con elevado desenvolvemento industrial, pagouse coa

acentuación da dominación e o cambio na súa natureza, coa diminución dos grados de liberdade, que fixo precaria a paz en zonas limítrofes, marxinais, ou cun feble desenvolvemento industrial, onde ademais a explotación do traballo entrelazouse co exterminio pola fame. A diminución relativa da explotación nas zonas metropolitanas pagouse co exterminio no Terceiro e Cuarto mundo. Non é unha casualidade que todos estes fenómenos acontezan no mesmo intre en que chega a posibilitarse a liberación do traballo mediante a súa *reapropiación con base nas ciencias e as técnicas máis avanzadas por parte dos novos proletarios*.

[...] O *rexeitamento do traballo*, como perspectiva de loita e como práctica espontánea, tende cara a destrución das estruturas tradicionais, que son un obstáculo para unha certa liberación do traballo. Trátase agora e rapidamente de acumular outro capital, o dunha intelixencia colectiva da liberdade, que sexa capaz de orientar as singularidades fóra da orde de serialidade e de unidimensionalidade do capitalismo.

[...] Considerándoo así o comunismo é fundación e recoñecemento de vida comunitaria e de liberación da singularidade. Comunidade e singularidade non se opoñen. A construción do novo mundo non opón o aumento da singularización ao enriquecemento das potencialidades colectivas. Estas dúas dimensións son parte integrante da liberación do traballo.

(VN, pto. 1)

Texto 7

Os novos modos da subxectividade desprazaron literalmente os vellos escenarios da loita de clases, instalándose na raizame imaxinaria e cognitiva das novas dimensións do producir, transmutando a toma de conciencia que lles corresponde nun acto de vontade transformadora. Os procesos de singularización do desexo apoiáronse deste xeito sobre

prácticas colectivas que constitúen, dende entón, novos territorios políticos. [...] A súa contestación da propiedade privada é unha negación radical de tódalas formas de colectivismo cego das empresas capitalistas e/ou socialistas, e o seu rexeitamento do traballo sometido expresa a vontade dunha produtividade social máis elevada.

[...] [Trátase] da manifestación do singular como multiplicidade, como mobilidade, variabilidade espazo-temporal e creatividade. Isto constitúe hoxe o único valor sobre o que se pode reedifica-lo traballo. Un traballo que non pretende cristalizar baixo a forma da propiedade privada, que non considera os instrumentos de produción como fins en si, senón unicamente como medios para a felicidade da singularidade e para a súa expansión en rizomas maquínicos abstractos e/ou concretos. Un traballo que rexeita o dominio xerárquico e que formula do mesmo xeito o problema do poder, que clarifica as funcións de engano e de explotación da sociedade, e que rexeita todo compromiso, toda mediación entre a propia existencia e a produtividade. Todo isto leva con seu a refundación do concepto de traballo no interior das transformacións e os arranxos da produción, e no marco de prácticas inmediatas de liberación. As novas formas de subxectividade colectiva consolidan esas calidades e aqueles desexos cambiantes referentes á produtividade. Esta nova produción de subxectividade pensa agora unicamente o poder como horizonte de liberación colectiva das singularidades e como traballo polarizado sobre esta finalidade –noutros termos, como valorización e autoprodución das singularidades.

(VN, pto. 2)

Texto 8

A terceira tarefa fundamental do movemento comunista revolucionario consiste en [...] afirma-la *separación radical* do movemento non só do Estado, con quen se enfronta directamente, senón fundamentalmente co modelo mesmo do Estado capitalista e de tódolos seus substitutos semellantes, formas derivadas e funcións ramificadas en tódolos

mecanismos do *socius*, a tódolos niveis da subxectividade. Ás loitas ao redor do Estado de Benestar, contra a organización do traballo produtivo e do tempo de traballo social, ás iniciativas comunitarias sobre este terreo engádeselle de feito a posta en discusión do Estado en canto clave de bóveda das distintas figuras de opresión, en canto máquina de sobredeterminación das relacións sociais para reducilas, subdividilas, sometelas radicalmente baixo a ameaza das súas forzas de morte e destrución.

(VN, pto. 6)

Texto 9

[Il lavoro di Giobbe : il famoso testo biblico come parabola del lavoro umano.

Roma. Manifestolibri, 2002]

O produto do traballo non é xa simplemente plus traballo e plus valor senón a creación colectiva dun mundo novo. Ao remate do proceso é o principio creativo de todo el, pero é devolvido independente, absolutamente, radicalmente, irredutibelmente autónomo. Descubrimos na práctica o “deus descoñecido”.

A crise do valor e do traballo púxonos así diante dunha alternativa decisiva. Ou a continuidade dun malestar mortal que se alonga na inercia do mundo, na confusión de cada escolla, na irracional determinación do poder; ou a discontinuidade creativa, e o seu sistema –o sistema da alternativa, un río que flúe e o conxunto dos diques que paulatinamente vai construíndo en torno súa, o sistema da potencia. A hipótese sobre a que propomos movernos é a segunda, é a que, sobre o esgotamento da traxedia que a inverte, ilumina a potencia humana de creatividade.

[LG, pp. 35-36]

Texto 10

Toda forma de valor é un destino. Unha procedencia e unha perspectiva, sacúdese de súpeto, cando o traballo chega a definirse como creación. Traballo como creación, ou como subversión das formas existentes e como innovación.

[...] Mais se a ontoloxía é histórica, se a potencia soporta o peso do vivir e do morrer, e da súa maraña, se o dolor é a base da invención –do pulo que constitúe novo ser, da subversión que crea– entón non hai dificultade en estabiliza-la pasaxe da estrutura ao suxeito. Esta pasaxe é a verificación sempre aberta da riqueza do destino humano, sacúdese entre a acumulación dun ser inerte e a súa apertura innovadora –un mallado de forzas que, de súpeto, xorde como unha nova figura.

[LG, pp. 148-149]

Texto 11

[“Interpretation of the class situation today: methodological aspects”, en Bonnefeld, W., Gunn, R. and Psychopedis, K. (eds.): *Open Marxism, Volume II, Theory and practice*. London & Boulder/Colorado. Pluto Press, 1992]

Tese 2: Aínda que a lei do valor está en crise, o traballo é o principio de toda constitución.

Cando dicimos que a lei do valor está en crise, queremos dicir que hoxe o valor non se pode reducir a unha medida obxectiva. Pero a inconmensurabilidade do valor non elimina ao traballo como o principio do mesmo. Este feito adquire toda a súa evidencia se o contemplamos dende una perspectiva histórica.

Cando Marx fala do “modo de produción” desprega unha historia do mundo que contempla a transición dende a cultura asiática ao modo de produción medieval e dende este ao modo de produción burgués e capitalista. Nesta última etapa Marx define as diferentes fases da historia do proceso do traballo, dende a cooperación simple á manufactura, e dende esta á gran industria. É importante tomar esta segunda serie como unha definición axeitada de “modo de produción”. Hoxe, de feito, o “modo de produción” representado pola gran industria e o seu desenvolvemento envolve, e fai funcional aos seus intereses, non unicamente ao modo de produción burgués capitalista, senón tamén ao modo de produción socialista e a calquera residuo dos restantes modos de produción. Cando o proceso de produción capitalista alcanzou un nivel de desenvolvemento tan elevado que abarca ate a máis reducida fracción da produción social, entón pódese falar, en termos marxianos, de “subsunción real” da sociedade no capital. O “modo de produción” contemporáneo é esta “subsunción”.

Cal é a “forma-valor” do “modo de produción” denominado “subsunción real”? É unha forma na que se produce unha traducibilidade inmediata entre as forzas sociais de produción e as relacións de produción mesmas. Noutras palabras o modo de produción chegou a ser tan flexíbel que poden confundirse efectivamente cos movementos das forzas produtivas, é dicir, cos movementos de tódolos suxeitos que participan na produción. É a totalidade destas relacións o que constitúe a forma-valor da subsunción real. Podemos desenvolver este concepto afirmando que esa forma-valor é a “comunicación” que de feito se establece entre as forzas produtivas.

Se a “comunicación” constitúe a fábrica da produción e a sustancia da forma-valor; se o capital, en consecuencia, chegou a ser tan permeábel que pode filtrar toda relación mediante a densidade material da produción; se o proceso de traballo coincide exactamente co social, cales son as consecuencias que podemos sacar de todo isto no que refire á lei do valor?

A primeira e fundamental consecuencia é que non existe posibilidade algunha de ancorar unha teoría da medida sobre algo alleo á universalidade do intercambio. A segunda consecuencia é que xa non ten sentido unha teoría da medida respecto á calidade inconmensurábel da acumulación social. En terceiro lugar, tamén resultan inconmensurábeis, por definición, o espazo para o desenvolvemento das relacións laborais, os regos produtivos existentes na sociedade e as interaccións entre os suxeitos traballadores.

Pero a inconmensurabilidade das figuras do valor non nega o feito de que o traballo sexa o principio de calquera constitución posíbel da sociedade. En realidade, non é posíbel imaxinar (e non digamos describir) a produción, a riqueza e a civilización se estas non poden remitirse a unha acumulación do traballo. Que esta acumulación non teña medida, nin (quizais) racionalidade, non empanan o feito de que o seu contido, o seu fundamento, o seu funcionamento radica no traballo. As forzas intelectuais e científicas que pasaron gradualmente a ocupar un lugar central na produción son, non obstante, poderes do traballo. A crecente inmaterialidade non elimina a función creativa do traballo, senón que pola contra exáltaa na súa abstracción e na súa produtividade. A substancia do valor é máis importante que as formas que pode asumir e colócase alén da mera división (que estase a eclipsar na actualidade) entre traballo manual e traballo intelectual. O abstracto é máis verdadeiro que o concreto. Por outra banda, unicamente a creatividade do traballo (o traballo vivo no poder da súa expresión) é conmensurábel coa dimensión do valor.

(ICS, Th. 2)

Texto 12

[*Spinoza sovversivo: variazioni (in)attuali*. Roma. A. Pellicani, 1992]

O paradoxo do actual “retorno a Spinoza” consiste esencialmente nisto: que a ontoloxía spinoziana se revela como unha antropoloxía –e vaia antropoloxía! Unha teoría da produción, unha teoría da comunicación, pero sobre todo unha antropoloxía aberta. [...] Mais *non* son con todo estes termos, e a problemática que suscitan, o momento privilexiado da análise. Pola contra, o central é, precisamente, o paradoxo dunha ontoloxía que se fai *antropoloxía*, dun ser que vive só sobre a superficie da multiplicidade, dun suxeito plural. Este paradoxo non se pecha. É ironía ontolóxica en acto. É unha fundación paradoxal do ser. Agora, nesta situación a ontoloxía é un horizonte aberto. O paradoxo non se pecha no tempo –nin no presente nin no futuro. É continuamente reaberto, estruturalmente aberto, tanto como queiran as múltiples liberdades dos suxeitos que constrúen sempre de novo, o ser. O absoluto é esta reapertura absoluta. A democracia é este risco perenne. É esta riqueza. A hipocrisía da democracia capitalista que combina a produción da desigualdade coa proclamación formal dos dereitos iguais, que somete a liberdade de todos á violencia do modo capitalista de produción e á chantaxe do mando duns poucos (que pode chegar ate a ameaza da destrución) –todo isto é desvelado e denunciado– mais tamén así calquera outra forma da organización do poder que faga escravo, dentro da rixidez burocrática e as gaiolas ideolóxicas, dentro da hipóstase dunha totalidade, o irrefreábel desexo de liberdade.

A democracia spinoziana é, deste xeito, unha potencia fundadora. Claro, todo iso que ela nos di é isto: *ser potencia*. Para ser un verso calquera é pouco –mais sinala os límites, un territorio. Unha verdade e unha tarefa: a verdade, ou a posibilidade, de ser libres e iguais; a tarefa de construír eticamente, realmente, esta verdade. Un formidábel, heroico *optimismo da razón*.

[SS, cap. 6]

Texto 13

[...] O problema filosófico será, é, entón aquel de *ir alén da crise, asumíndoa como materialidade do fundamento*. Sen isto “ir alén” da filosofía e da ética non podería nin sequera definirse. A metafísica consiste neste ir alén. A crise non é a conclusión dun destino senón o presuposto da existencia. Só os burros poden pensa-la crise como resultado. Só os iluminados pretenden podela evitar. A crise é a condición, sempre. Precisamente por isto, a imaxinación e a ética, afondando no ser non son presa da crise senón que reconstrúen alén da crise. Reconstrúen sobre si mesmas, na relación colectiva que constitúe o suxeito, na potencia que encarna a relación colectiva. Colle-la crise é colle-lo ser, subsistir na crise é ir alén dela. [...] A innovación spinoziana é, de feito, unha filosofía do comunismo, a ontoloxía spinoziana non é máis que unha xenealoxía do comunismo. Por isto Baruch seguirá sendo maldito.

[*Ibíd.*]

Texto 14

[*Il potere costituente : saggio sulle alternative del moderno*. Carnago.

Sugar & Co., 1992]

Falar do poder constituínte é falar de democracia. Na idade moderna os dous

conceptos foron a miúdo considerados coextensivos e en todo caso inseridos nun proceso histórico que, achegándose o século XX, os superpuxo sempre de máis. Podemos dicir que o poder constituínte non foi soamente considerado a fonte omnipotente e expansiva que produce as normas constitucionais de todo ordenamento xurídico senón tamén o suxeito desta produción, unha actividade igualmente omnipotente e expansiva. Dende este punto de vista o poder constituínte tende a identificarse co concepto mesmo de política, na forma na que iso se entende nunha sociedade democrática. Cualificar constitucionalmente, xuridicamente o poder constituínte non será pois simplemente producir normas constitucionais, estruturar poderes constituídos senón sobre todo ordena-lo poder constituínte en canto suxeito, rexe-la política democrática.

Mais a cousa non é sinxela. O poder constituínte resiste de feito á constitucionalización: «O estudio do poder constituínte presenta dende o punto de vista xurídico unha dificultade excepcional que concirne á natureza híbrida deste poder... A potencia que o poder constituínte agocha rebélase ante unha integración total nun sistema xerarquizado de normas e competencias... o poder constituínte sempre se mantén estraño ao dereito» (Burdeau, G.: *Traité de sciences politiques*, vol. IV, Paris 1983, p. 171). E máis difícil se volve a cousa porque a democracia tamén resiste á súa constitucionalización: de feito, a democracia é teoría do goberno absoluto mentres o constitucionalismo é teoría do goberno limitado, por tanto práctica da limitación da democracia. O noso problema será entón o de alcanzar unha definición de poder constituínte dentro desta crise que o caracteriza. Tentaremos comprende-lo concepto de poder constituínte no radicalismo do seu fundamento e na extensión dos seus efectos, entre democracia e soberanía, entre política e Estado, entre potencia e poder. Ao fin, o concepto de poder constituínte xustamente en canto concepto dunha crise.

[...] Que é, na perspectiva da ciencia xurídica, o poder constituínte? É a fonte da produción das normas constitucionais, ou o poder de facer unha constitución e logo dita-las normas fundamentais que organizan o poder do Estado; noutros termos, o poder de instaurar un novo ordenamento xurídico, e isto é o regulamento das relacións xurídicas no seno dunha nova comunidade. «O poder constituínte é un acto imperativo da nación que xorde da nada e organiza a xerarquía dos poderes». Aquí estamos, con esta definición, diante dun paradoxo extremo –un poder que xorde da nada e organiza todo o dereito... un paradoxo

que xustamente polo seu radicalismo é insostíbel. E de feito, nunca como a propósito do poder constituínte, a ciencia xurídica se exerce nese xogo de afirmar e negar, de absolutizar e de limitar mesmo aquilo que é propio da súa labor lóxica.

Se o poder constituínte é omnipotente, deberá con todo limitarse temporalmente, definiilo e facelo valer como un poder extraordinario. O tempo propio do poder constituínte, un tempo dotado dunha formidábel capacidade de aceleración, tempo do acontecemento e da xeneralización da singularidade, deberá pechase, reterse, reducido ás categorías xurídicas, restrinxido á rutina administrativa. Seguramente nunca como no curso da revolución francesa este imperativo –transforma-lo poder constituínte en poder extraordinario, esmagalo sobre o acontecemento e pechalo nunha fachenda só revelada polo dereito– se afanou tanto. O poder constituínte como poder omnipotente é de feito a revolución mesma. [...] Pero o poder constituínte non é só omnipotente senón tamén expansivo, a súa inmensidade non é só temporal senón tamén espacial. E por iso tamén esta expresión súa debe reducirse, reducirse e rexerse espazalmente. O poder constituínte debe el mesmo ser reducido á norma de produción do dereito, interiorizado no poder constituído –a súa capacidade de expansión non se revelará máis que como norma interpretativa, como control da constitucionalidade, como actividade de revisión constitucional; eventualmente unha pálida reprodución súa poderá confiarse a actividades regulamentarias, de referendo, etc. Con intermitencia, dentro de límites e procedementos ben definidos. Todo isto dende o punto de vista obxectivo: un tremendo armamento xurídico cobre e desnaturaliza o poder constituínte. E define diso o concepto como esencia insolúbel.

(*PC*, pp. 11-13)

Texto 15

[*Labor of Dionysus. A critique of the State Form* (con Michael Hardt). Minneapolis (MA), University Minnesota Press, 1994]

A produción de subxectividade é sempre un proceso de hibridación, de cruce de fronteiras, de tal forma que na historia contemporánea este híbrido subxectivo prodúcese cada vez máis na interface entre ser humano e máquina. Hoxe, a subxectividade, despoxada de tódalas súas calidades aparentemente orgánicas, xorde da fábrica como un brillante ensamblaxe tecnolóxico. «Antigamente, os homes botaban raizame nas circunstancias da vida nas que caían», escribiu Robert Musil fai décadas, «e esta era unha maneira segura de atoparse a si mesmos; pero hoxe, no rebumbio xeral en que se tende a deslígalo todo do seu chan e fundamento, sería preciso tamén, na produción da alma, por dicilo así, cambia-la tradición da artesanía pola intelixencia da fábrica» (Musil, R.: *El hombre sin atributos*. Vol. 2. Tradución de José María Sáenz. Barcelona, Seix Barral, 1980, p. 365). A máquina é parte integrante do suxeito, non como un apéndice, unha especie de prótese, como se fose unha, entre outras, das súas calidades; antes ben, o suxeito é ao mesmo tempo humano e máquina ate a medula, trátase de algo que lle é connatural. O carácter técnico-científico do movemento antisida e o carácter cada vez máis inmaterial do traballo social xeral poñen de manifesto a nova natureza humana que corre polos nosos corpos. Na actualidade, o ciborg é o único modelo do que dispomos á hora de teoriza-la subxectividade. Corpos sen órganos, seres humanos sen atributos, ciborgs: estas son as figuras subxectivas producidas e produtivas no horizonte contemporáneo, as figuras subxectivas capaces de comunismo na actualidade.

[LD, cap. 1, pto. 4]

Texto 16

[N de Negri. Barcelona, Tinta edicións, 2000 (DVD)]

Subsunción é un termo marxiano que indica a relación entre sociedade e capital. Temos a subsunción formal. E que significa? Pois algo que temos presente todos na historia do desenvolvemento capitalista: o feito de que existían sistemas de produción que non tiñan nada que ver co capital, por exemplo formas de produción agrícola, de produción mariñeira, artesanal, que derivan subsumidas, recollidas e reorganizadas por unha hexemonía capitalista incipiente, isto é, a estrutura das grandes fábricas capitalistas, téxtiles primeiro, logo de transporte, e como deste xeito viñan a organiza-lo conxunto da sociedade. Esta chámase subsunción formal. É a forma, pois, do capital na que as actividades produtivas distintas vense absorbidas. Cando se fala, pola contra, de subsunción real fálase dunha hexemonía sen límites do capital. Aquí a forma de produción capitalista intervén e ocupa todo espazo da sociedade. A sociedade converteuse nunha fábrica. Os muros, por así dicir, da fábrica central capitalista caeron e toda a sociedade foi ocupada polo réxime da fábrica, por un réxime disciplinar, entón, xeneralizado. A subsunción é precisamente unha subsunción real da sociedade no capital. A sociedade configúrase disciplinarmente polo desenvolvemento da valorización capitalista. Hoxe estamos totalmente, ou mellor, estamos xa dende fai moitos anos, practicamente dende a metade do século XX, dentro desta situación. O 68 non é simplemente unha data importante dende o punto de vista da revolta estudantil, do nacemento de novas necesidades intelectuais ou morais das clases intermedias da sociedade. O 68 é un momento extremadamente importante sobre todo dende o punto de vista da realización do dominio capitalista sobre a sociedade, é dicir, da subsunción real. Máis ben, co 68 tócase o límite da subsunción real, ese límite no que a forza de traballo intelectual ven dada como o elemento central do proceso de dominio do capital sobre a sociedade. O 68 é o intre no que a subsunción real vólvese hexemonía do *General Intellect*.

(É evidente que cando se fan este tipo de discursos dánse xeneralizacións

extremadamente amplas dos modelos, ou dos exemplos, das faíscas paradigmáticas e que se poden por tanto desenvolver en torno a estas definicións, todas as obxeccións que se queiran, mais son obxeccións que enriquecen o cadro, non o negan na súa xeneralidade).

Por tanto, a partir do 68 podemos comezar a falar dunha subsunción real da sociedade no capital que se volve sempre máis hexemonía do *General Intellect*. Entón, podemos comezar a falar da entrada nunha sociedade na cal os valores comunicativos e lingüísticos, innovadores dende o punto de vista intelectual, deveñen centrais.

(*NN*, lett. S)

Texto 17

[*Empire* (con Michael Hardt). Cambridge (MA) ; London. Harvard university press, 2000]

O biopoder é unha forma de poder que rexe e regulamenta a vida social por dentro, perseguíndoa, interpretándoa, asimilándoa e reformulándoa. O poder non pode obter un dominio efectivo sobre a vida enteira da poboación máis que converténdose nunha función integrante e vital que todo individuo adopta e aviva de xeito totalmente voluntario. Como di Foucault, “a vida converteuse agora [...] nun obxecto de poder”.

[*E*, cap. 1, pto. 2]

Texto 18

A cuestión da produción, en relación co biopoder e a sociedade de control, revela, non obstante, certa fraqueza do traballo dos autores dos que tomamos prestadas estas nocións. Así, quédanos clarifica-las dimensións "vitais" ou biopolíticas da obra de Foucault en relación coa dinámica de produción. En numerosas obras de mediados dos anos setenta, o filósofo anticipábase ate tal punto que non saberíamos comprende-lo paso do Estado "soberano" do *Ancien régime* ao Estado disciplinario sen ter en conta o modo en que o contexto biopolítico foi progresivamente posto ao servizo da acumulación capitalista: «O control da sociedade sobre os individuos non se efectúa soamente a través da consciencia ou da ideoloxía, senón tamén no corpo e co corpo. Para a sociedade capitalista, é a biopolítica o que máis conta: o biolóxico, o somático, o corporal» [“La naissance de la médecine social”, en *Dits et écrits*, 3. Paris, Gallimard, 1994, p. 210].

Un dos obxectivos centrais da súa estratexia de investigación neste período era o de ir alén das versións do materialismo histórico –incluídas numerosas variantes da teoría marxista–, que consideraba o problema do poder e da reprodución social sobre un plano supraestrutural, distinto do plano real e fundamental da produción. Foucault trataba así de volver a coloca-lo problema da reprodución social e tódolos elementos da "superestrutura" nos límites da estrutura material fundamental, e de definir este terreo non só en termos económicos, senón tamén en termos culturais, corporais e subxectivos.

Deste xeito podemos comprender como a concepción que tiña Foucault do conxunto social realízase e perfecciónase cando, nunha fase subseguinte do seu traballo, descobre as liñas emerxentes da sociedade de control como imaxe do poder activo a través da biopolítica global da sociedade. Non obstante, non parece que Foucault –a pesar de que captase poderosamente o horizonte biopolítico da sociedade e o definise como un campo de inmanencia– conseguira endexamais libera-lo seu pensamento desta epistemoloxía estruturalista que guiaba a súa procura dende o comezo. Por "epistemoloxía estruturalista" entendemos aquí a reinvencción dunha análise funcionalista no dominio das ciencias humanas, método que sacrifica, efectivamente, a dinámica do sistema, a temporalidade

creativa do seu movemento e a substancia ontolóxica da reprodución cultural e social. De feito, se chegados a este punto, nós preguntásemos a Foucault quen (ou que) dirixe o sistema, ou máis ben, que é o "bios", a súa resposta sería inaudíbel ou inexistente. A fin de contas, o que Foucault non consegue apprehender é a dinámica real da produción na sociedade biopolítica.

Pola contra Deleuze e Guattari ofrécennos unha comprensión propiamente postestruturalista do biopoder, que renova o pensamento materialista e se introduce con solidez na cuestión da produción do ser social. O seu traballo desmitifica o estruturalismo e tódalas concepcións filosóficas, sociolóxicas e políticas que fan da fixeza do marco epistemolóxico un punto de referencia sen contorno. Eles concentran a súa atención sobre a substancia ontolóxica da produción social. Unhas máquinas producen: o funcionamento consta de máquinas sociais, nos seus diversos aparatos e ensamblaxes, produce o mundo cos suxeitos e os obxectos que lle constitúen. Non obstante, Deleuze e Guattari non parecen ser capaces de concibir positivamente máis que as tendencias ao movemento continuo e os fluxos absolutos. Así, tamén no seu pensamento os elementos creativos e a ontoloxía radical da produción do social permanecen sen substancia nin poder. Deleuze e Guattari descubren a produtividade da reprodución social –produción innovadora, produción de valores, relacións sociais, afectos, devires, etc.– pero non conseguen enlazala máis que superficial e efemeramente, como un horizonte caótico indeterminado, marcado polo acontecemento inaferrábel.

Pódese concibir máis doadamente a relación entre produción social e biopoder na obra dun grupo de marxistas italianos contemporáneos: eles recoñecen, en efecto, a dimensión biopolítica en función da nova natureza do traballo produtivo e da súa evolución viva en sociedade, e para facelo utilizan expresións tales como "intelectualidade de masa" e "traballo inmaterial", así como o concepto marxista de "General intellect". Estas análises parten de dous proxectos de pescuda coordinados. O primeiro consiste na análise das transformacións recentes do traballo produtivo e da súa tendencia cada vez máis inmaterial. O papel central preferentemente ocupado pola forza de traballo dos obreiros de fábrica na produción de plusvalores é hoxe en día asumida de forma crecente por unha forza de traballo intelectual, inmaterial e fundado sobre a comunicación. É entón necesario desenvolver unha nova teoría política da plusvalía capaz de coloca-lo problema desta nova

acumulación capitalista no centro do mecanismo de explotación (e –quizais– no centro da revolta potencial). O segundo proxecto (seguido lóxicamente do primeiro) desenvolvido por esta Escola, consiste na análise da dimensión social e inmediatamente comunicante do traballo vivo na sociedade capitalista contemporánea; deste modo formula con insistencia o problema das novas figuras da subxectividade na súa explotación, ao tempo que no seu potencial revolucionario. A dimensión inmediatamente social da explotación do traballo vivo inmaterial afoga o traballo en tódolos elementos relacionais que definen o social, pero ao mesmo tempo activa tamén os elementos críticos que desenvolven o potencial de insubordinación e de revolta a través do conxunto das prácticas laborais. Tras unha nova teoría da plusvalía, unha nova teoría da subxectividade debe ser formulada, teoría que pasa e funciona fundamentalmente polo coñecemento, a comunicación e a linguaxe.

Estas análises restableceron, así, a importancia da produción no marco do proceso biopolítico da constitución social, mais do mesmo xeito illárono baixo certos aspectos, ao tomalo baixo a forma pura e ao afinalo sobre o plano ideal. Traballaron coma se reatopá-las novas formas de forzas produtivas –traballo inmaterial, traballo intelectual masificado, traballo de "intelixencia colectiva"– fose suficiente para aferrar con solidez a relación dinámica e creativa entre produción material e reprodución social.

Reinserindo a produción no contexto biopolítico, preséntana case exclusivamente sobre o horizonte da linguaxe e a comunicación. Un dos defectos máis serios foi, nestes autores, a tendencia a non trata-las novas prácticas laborais na sociedade biopolítica máis que baixo os seus aspectos intelectuais e non materiais. Agora ben, a produtividade dos corpos e o valor dos afectos son, pola contra, absolutamente centrais neste contexto.

Así pois, nós aproximáremos aos tres aspectos principais do traballo inmaterial na economía contemporánea: o traballo de comunicación da produción industrial, recentemente conectado no interior de mallas de información; o traballo de interacción da análise simbólica e da análise dos problemas; o traballo de produción e de manipulación dos afectos (cf. Section 3.4). Este terceiro aspecto, coa súa focalización na produtividade do corporal e o somático, é un elemento extremadamente importante nas mallas contemporáneas da produción biopolítica. O traballo desta escola e a súa análise da intelixencia colectiva establece, é verdade, certo progreso, pero o seu marco conceptual permanece demasiado

puro, case anxelical. En último termo, estas novas teorías non fan, tampouco, senón raspa-la superficie da dinámica produtiva do novo marco teórico do biopoder.

O noso propósito é entón o de traballar a partir desas probas, parcialmente logradas, para recoñece-lo potencial da produción biopolítica.

É precisamente aproximando de xeito coherente as diferentes características que definen o contexto biopolítico que describimos ate aquí, e devolvéndoas á ontoloxía da produción, que estaremos en condicións de identifica-la nova figura do corpo biopolítico colectivo –que podería, non obstante, permanecer tan contraditorio como paradoxal. É que ese corpo convértese en estrutura non xa negando a forza produtiva orixinaria que a anima, senón recoñecéndoa; faise linguaxe –á vez científico e social– porque se trata dunha multitude de corpos singulares e determinados á pescuda dunha relación. É así á vez produción e reprodución, estrutura e superestrutura, porque está vivo, no sentido máis pleno, e máis é político, no sentido propio. A nosa análise debe descender á fraga de determinacións produtivas e conflitivas que nos ofrece o corpo biopolítico colectivo. O contexto da nosa análise debe ser deste xeito o desenvolvemento da vida mesma, o proceso da constitución do mundo e da historia. A análise deberá ser proposta non no sentido de formas ideais, senón no marco da complexidade densa da experiencia.

(*E*, cap. 2, parágr. 2)

Texto 19

[*Guide : cinque lezioni su impero e dintorni* (con Michael Hardt e Danilo Zolo).

Milano. R. Cortina, 2003]

Non hai un método “para sempre”, universal. Mellor: hai métodos universais concretamente determinados, métodos que valen “xeralmente” en certas situacións e en certos tempos. A determinación é moi importante en canto á universalidade do método. Este é o problema que nos atopamos hoxe de fronte, confrontándoo, por exemplo, coa introdución marxiana aos *Grundrisse* de 1857, a afamada *Einleitung*. Na nosa xuventude perseguíanos unha ortodoxia marxista que nos impuña as determinacións metodolóxicas como necesarias. Mais as cousas non se poden facer así. A construción positiva do método marxiano correspondía a unha situación real e singular, caracterizada polas relacións de produción da metade do século XIX. Pola contra, e especificando a nosa metodoloxía, nós estamos obrigados a desenvolver-la análise sobre o real que nos rodea no noso século e no noso medio social. É confrontándonos con todo isto que procuraremos elaborar un método adecuado e eficaz para esta situación.

Para comezar dámonos conta que estamos nunha condición teórica extremadamente difícil, porque debemos, ao mesmo tempo, definir un método e determina-la cousa, é dicir, a situación a analizar. Agora ben, o obxecto que o método debe achegar na situación actual, presente, é difícil de aferrar porque probabelmente xa ocorreu unha mutación estrutural importante. De feito temos presente que o pensamento metodolóxico sempre asumiu, no pasado, *unha certa dualidade* entre o punto de observación e o obxecto observado. Pero hoxe semella que non haxa xa *un fóra*. Esta é precisamente unha das cuestións metodolóxicas que están na base da discusión sobre o Imperio. Se xa non hai un fóra, nos movemos alí dentro. Este “estar inmersos” fai saltar toda representación de criterios metodolóxicos en xeral, que precisamente prevían poder enganchar dende fóra calquera cousa estábel e así desatasca-la narración daquela obxectiva estabilidade que determina as

relacións históricas, as fixa e lles dá o seu significado.

[...] Na *Einleitung* marxiana tiñamos aínda, efectivamente, un fóra que estaba dentro do método e o absolutizaba e este fóra era o concepto de *valor de uso*. Iso determinaba a fixación a partir da cal o método podía consolidarse, antes de aventurarse no sempre novo descubrimento do real. Como é sabido, Marx dicía que toda cousa se producía entre natureza e cultura. No proceso histórico calquera cousa tiña, ben un valor de uso, ben un valor de cambio. O *valor de uso* era algo, por así dicilo, *connatural* ao obxecto mercadoría; o valor de cambio, pola contra, derivaba das relacións sociopolíticas que se daban no conxunto do desenvolvemento dos modos de produción. Un exemplo extremo: a mesma forza-traballo fora primeiro puro valor de uso para logo devir en mercadoría, é dicir valor de cambio no mercado.

Hoxe nos atopamos co feito de que aquel valor de uso está totalmente desfigurado e remodelado (esta é unha primeira anotación relativa á ontoloxía do ser social). Na lección 1 dicíamos: agardamos unha novidade radical, un acontecemento, ou no límite *un monstro*. En realidade, o monstro xa o temos: son as transformacións da forma traballo, da forza produtiva. A forma desmaterializada na cal actuamos para producir mercadorías e para edifica-lo mundo. Con maior convicción ademais aprendemos que é a capacidade de coñecer a que nos permite hoxe acceder á produción e, a través dela, ás relacións interhumanas e á reprodución do ser social. É así que tiñamos necesidade de desenvolver unha *ontoloxía do traballo inmaterial*, ou mellor, unha *ontoloxía do ser inmaterial* que no seu interior leva a hexemonía do traballo inmaterial, onde por traballo inmaterial se entende o conxunto das actividades intelectuais, comunicativas, relacionais, afectivas que son expresadas polos suxeitos e polos movementos sociais –por tanto son os que conducen á produción.

O fundamento desta hipótese, que é tanto metodolóxica como substancial, se remonta ate o chamado “fragmento das máquinas” de Marx. Nun momento fundamental dos *Grundrisse*, Marx desenvolve unha hipótese sobre o desenvolvemento da forma traballo no porvir do desenvolvemento capitalista. Esta hipótese prevé que o traballo deveña sempre máis inmaterial, é dicir, que dependa fundamentalmente das enerxías intelectuais e científicas que o constitúen. O traballo que alcanzou a calidade inmaterial e se organizou

dende enerxías intelectuais e científicas, di Marx, volve inesenciais e inefectivas, é dicir, destrúe as condicións nas que a acumulación se desenvolvía anteriormente.

Como consecuencia, se volve irrelevante a medición do tempo de traballo como norma para fixar unha orde do traballo no mundo: pero disto xa falamos moito. A xornada de traballo, di Marx, xa non é reducíbel a puro e simple tempo de traballo. Ás veces – engade– o tempo de traballo devén inesencial, cando se considera o conxunto da produción (xa non da fábrica senón) da sociedade capitalista. Se antes para producir unha mercadoría necesitabamos un certo número de horas de traballo simple (outra ilusión naturalista), ou en todo caso, se para producir un maior número de mercadorías era necesario un aumento da masa de traballo, hoxe en cambio observamos que todo aumento da produción nace pola expresión de actividades intelectuais, pola forza produtiva da invención científica e sobre todo pola estreita aplicación da ciencia e da tecnoloxía na elaboración da actividade de transformación da materia. Consecuentemente atopámonos cunha modificación radical da función do tempo produtivo (e do histórico). Será evidente, por exemplo, que devén moito máis importante o tempo dos procesos de formación que non o tempo da aplicación inmediata á produción; devirá sempre máis importante o tempo das relacións externas que nutren o coñecemento e o empurran cara actos e decisións mentais, máis que a acumulación de pequenas cantidades temporais de traballo que non constitúen, como sucedía daquela, a condición de despegue da realización capitalista do traballo.

(G, pp. 67-70)

Texto 20

1) A multitude é o nome dunha *inmanencia*. A multitude é un conxunto de singularidades. Se partimos destas constatacións podemos ter inmediatamente o trazo dunha definición ontolóxica da *realidade que queda*, unha vez que o concepto de pobo sexa liberado da transcendencia. Coñécese ben como, na tradición hexemónica da modernidade,

se formou o concepto de pobo. Hobbes, Rousseau e Hegel produciron, cada un pola súa conta e de xeitos distintos, o concepto de pobo a partir da transcendencia soberana: na testa daqueles autores a multitude considerábase caos e guerra. O pensamento da modernidade opera de dous xeitos sobre esta base: por unha banda abstrae a multiplicidade das singularidades e unificaa de xeito transcendental no concepto de pobo; pola outra dissolve o conxunto das singularidades (que constitúen a multitude) nunha masa de individuos. O iusnaturalismo moderno, sexa de orixe empirista, sexa de orixe idealista, é en todo caso pensamento da transcendencia e da disolución do plano da inmanencia. Pola contra a teoría da multitude esixe que os suxeitos falen por si mesmos, e que se trata *non de individuos propietarios senón de singularidades non representábeis*.

2) A multitude é un *concepto de clase*. A multitude, de feito, é sempre produtiva e está sempre en movemento. Cando se considera dende o punto de vista temporal sincrónico, a multitude vese explotada na produción; e tamén cando se ve dende o punto de vista espacial diacrónico, a multitude vese explotada en canto constitúe sociedade produtiva, cooperación social para a produción.

O concepto de clase de multitude debe considerarse de xeito distinto que o concepto de clase obreira. O concepto de clase obreira é de feito un concepto limitado, sexa dende o punto de vista da produción (iso inclúe esencialmente aos traballadores da industria), ou dende o punto de vista da cooperación social (que comprende de feito só unha pequena cantidade dos traballadores que operan no conxunto da produción social).

[...] Se tratamos á multitude como un concepto de clase, a noción de *explotación* definirase como *explotación da cooperación*: cooperación *non dos individuos senón das singularidades*, explotación do conxunto das singularidades, das mallas que compoñen o conxunto e o conxunto que comprende as mallas, etc.

Nótase que a concepción “moderna” da explotación (a descrita por Marx) funciona dentro dunha concepción na que os individuos son meros actores. Só porque hai individuos que traballan, só por isto o traballo é medíbel pola lei do valor. Tamén o concepto de masa (en canto múltiplo indefinido de individuos) é un *concepto de medida*, ou mellor, constrúese na economía política do traballo con este obxectivo. Nese sentido a masa é o

correspondente do capital en tanto o pobo o é da soberanía –engádese que, non por azar, o concepto de pobo é, sobre todo no refinamento keynesiano e welfarista da economía política, unha medida. A explotación da multitude, en cambio, é inconmensurábel, é dicir, é un poder que se enfrenta ás singularidades fóra de medida e a unha cooperación que vai alén da medida [...].

3) A multitude é o concepto dunha *potencia*. Xa analizando a cooperación podemos descubrir de feito que aquilo que produce o conxunto das singularidades vai *alén da medida*. Esta potencia non só quere expandirse senón sobre todo quere conquistar un corpo: *a carne da multitude* quere transformarse no *corpo do General Intellect*.

Cando consideramos esta pasaxe, ou mellor, este espremerse da potencia, podemos facelo seguindo tres liñas:

a) A xenealoxía da multitude na pasaxe *do moderno ao postmoderno* (ou, se queremos, do fordismo ao postfordismo). Esta xenealoxía constitúese dende a loita das clases obreiras que disolveron as formas de disciplina social do “moderno”;

b) A tendencia cara o *General Intellect*. A tendencia, constitutiva da multitude, cara modos de expresión produtiva sempre máis inmateriais e intelectuais quere configurarse como recuperación absoluta do *General Intellect* no traballo vivo;

c) A liberdade e a ledicia (ademais da crise e a fatiga) deste pasaxe innovadora, que comprende no seu interior continuidade e descontinuidade; en suma, algo que pode definirse como sístole e diástole na recomposición das singularidades.

(G, pp. 129-131)

Texto 21

[*Multitude. War and democracy in the age of Empire* (con Michael Hardt). New York, The Penguin Press, 2004]

A acción política que hoxe se propón a transformación e a liberación só pode conducirse dende o fundamento da multitude. Para comprendermos o concepto de multitude na súa acepción conceptual máis abstracta e xeral convén en primeiro lugar contrapoñela coa idea de pobo. O pobo é un: mentres a poboación se constitúe de individuos diferentes e clases distintas, o pobo sintetiza ou reduce as diferenzas sociais a unha única identidade. A multitude, pola contra, non pode unificarse, mantense plural e múltiple. Esta é a razón pola que, segundo o enderezo predominante do pensamento político, é o pobo □e non a multitude□ o que exercita a soberanía. A multitude está composta dun conxunto de *singularidades*, onde por singularidade entendemos suxeitos sociais cunhas diferenzas que non poden reducirse a ningunha identidade: diferenzas que se manteñen diferentes. Os compoñentes do pobo son por si mesmos indiferentes na resgarda da súa unidade: conflúen nunha unidade negando ou deixando de lado as súas diferenzas. As singularidades plurais da multitude contrapóñense punto por punto á unidade indiferenciada do pobo.

Pero a multitude, aínda que múltiple, non é unha entidade fragmentada, non é anárquica nin incoherente. O concepto de multitude é antitético tamén no seu enfrontamento a unha serie de nocións que designan as colectividades plurais, como a turba, as masas ou o populacho. Dado que os diferentes individuos ou grupos que forman a turba non gardan unha coherencia nin comparten ningún elemento común, o conxunto de diferenzas a partir das cales se constitúe semella algo inerte ou un mero agregado indiferente. Os compoñentes das masas, do populacho e da turba non son singularidades, e isto vese claramente atendendo como as súas diferenzas internas son facilmente absorbidas pola indiferenza do conxunto. Ademais, estes suxeitos sociais son fundamentalmente pasivos □isto é, nunca poden actuar autonomamente□ e polo tanto deben guiarse dalgún xeito. A turba, o populacho e a masa poden producir efectos sociais □a miúdo horribilmente destrutivos□ pero non poden actuar lembrando as súas iniciativas, e este é o motivo polo que son

facilmente manipulábeis dende o exterior. O termo multitude, pola contra, designa un suxeito social activo que actúa sobre a base que as súas singularidades teñen en común. A multitude é intrinsecamente diferente, un suxeito social múltiple, cunha constitución e cunhas accións non deducíbeis dunha unidade ou identidade (máis ou menos indiferente), senón daquilo que teñen en común os suxeitos que a compoñen.

[...] Aínda que é múltiple e intrinsecamente diferente, a multitude é capaz de actuar en común e de autogobernarse. En lugar dun corpo político, cun só que manda e os outros que obedecen, a multitude é *carne vivinte* que se autogoberna.

[...] Cando afirmamos desexar un mundo sen diferenzas étnicas ou de xénero, un mundo no que a etnia ou o xénero non teñan ningunha importancia□isto é, no sentido de que non determinen as xerarquías de poder□, un mundo no que as diferenzas se podan expresar libremente, este desexo é un desexo da multitude. Para facer de tal xeito que as singularidades que constitúen a multitude podan liberarse dos aspectos máis destrutivos, limitados e negativos das diferenzas e podan transformar estas últimas (as diferenzas de xénero e da sexualidade, a diversidade étnica, etc.) nos fundamentos da nosa forza, hai que transforma-lo mundo radicalmente.

[...] Dende un punto de vista socio-económico, a multitude é o suxeito xeral e común do traballo, a carne da produción postmoderna e, ao mesmo tempo, o obxecto que o capital colectivo procura transformar no corpo do seu desenvolvemento global. O capital procura somete-la multitude a unha unidade orgánica, do mesmo xeito que o Estado busca transformala en pobo. Estes son os puntos clave nos que comeza a emerxer a auténtica figura biopolítica da multitude coas loitas do traballo. Cando a carne da multitude fica atrapada e logo transformada no corpo do capital global, atópase dentro e, ao mesmo tempo, contra os procesos da globalización capitalista. A produción biopolítica da multitude tende por tanto a mobiliza-lo que comparte e o que produce en común contra o poder imperial do capital global. Co tempo, isto é co desenvolvemento da súa figura produtiva fundada sobre o común, a multitude pode atravesalo Imperio ate chegar a expresarse autonomamente e a autogobernarse.

Nesta perspectiva debemos recoñecer dende o principio a extensión do dominio do

capital. O capital xa non se limita a mandar áreas sociais singulares e limitadas; na medida en que o mando impersoal do capital esténdese a través da sociedade, alén dos muros da fábrica e, dende un punto de vista xeográfico, aperta o globo, deste xeito tende a devir nun “non-lugar”: noutros termos, tódolos lugares. Así como o capital xa non ten un fóra, tampouco o ten a lóxica do biopoder que analizamos anteriormente: este paralelismo non é casual, posto que o capital e o biopoder actúan en estreita relación un co outro.

[*M*, pto. 2]

BIBLIOGRAFÍA

BIBLIOGRAFÍA DE NEGRI*

1.- OBRAS DE NEGRI:

Libros:

- *Stato e diritto nel giovane Hegel : studio sulla genesi illuministica della filosofia giuridica e politica di Hegel.* Padova. CEDAM, 1958.
- *Saggi sullo storicismo tedesco : Dilthey e Meinecke.* Milano. G. Feltrinelli, 1959.
- *Alle origini del formalismo giuridico : studio sul problema della forma in Kant e nei giuristi kantiani tra il 1789 e il 1802.* Padova. CEDAM, 1962.
- *Alcune riflessioni sullo "stato dei partiti".* Milano. Giuffrè, 1964.
- *Marx sul ciclo e la crisi : note.* Firenze. La Nuova Italia, 1968.
- *Enciclopedia Feltrinelli Fischer ; vol. 27: Scienze politiche. 1, "Stato e politica".* Milano. Feltrinelli, 1970.
- *Descartes politico o della ragionevole ideologia.* Milano. Feltrinelli, 1970.
- *Crisi dello Stato-piano : comunismo e organizzazione rivoluzionaria.* Firenze. Edizioni CLUSEF, 1972.
- *Zyklus und Krise bei Marx.* Berlin. Merve, stampa 1972.
- *Crisi e organizzazione operaia* (con Sergio Bologna e Paolo Carpi gnano). Milano. Feltrinelli, 1974.
- *Proletari e stato : per una discussione su autonomia operaia e compromesso storico.* Milano. Feltrinelli, 1976.
- *La fabbrica della strategia : 33 lezioni su Lenin.* Padova. Cooperativa libraria editrice degli studenti di Padova ; Collettivo editoriale librirossi, c1976, stampa 1977.
- *La forma Stato : per la critica dell'economia politica della Costituzione.* Milano. Feltrinelli, 1977.

*O carácter desta bibliografía non é exhaustivo. Pretende simplemente servir de utilidade ao interesado na obra de Negri.

- *Manifattura, societa borghese, ideologia* (con F. Borkenau e H. Grossmann). Roma. Savelli, 1978.
- *Il dominio e il sabotaggio : sul metodo marxista della trasformazione sociale.* Milano. Feltrinelli, 1978.
- *Dall'operaio massa all'operaio sociale: intervista sull'operaismo.* Milano. Multhipla, 1979.
- *Marx oltre Marx : quaderno di lavoro sui Grundrisse.* Milano. Feltrinelli, 1979.
- *Il comunismo e la guerra.* Milano. Feltrinelli, 1980.
- *Politica di classe. Il motore e la forma. Le cinque campagne oggi.* Milano. Macchina libri, 1980.
- *L'anomalia selvaggia : saggio su potere e potenza in Baruch Spinoza.* Milano. Feltrinelli, 1981.
- *Macchina tempo : rompicapi, liberazione, costituzione.* Milano. Feltrinelli, 1982.
- *Pipe-line : lettere da Rebibbia.* Torino. Einaudi, 1983.
- *Italie rouge et noire.* Paris. Hachette, 1984.
- *Diario di un'evasione.* Milano. M.B.P.!, stampa 1985 (Cremona : Pizzorni).
- *Les Nouveaux espaces de liberté* (con Félix Guattari). Paris, Dominique Bedou, 1985.
- *Fabbriche del sogetto. Profili, protesi, macchine, paradossi, passaggi, sovversioni, sistemi, potenze: appunti per un dispositivo ontologico.* Livorno, XXI Secolo Bimestrale di politica e cultura, núm. 1, settembre-ottobre 1987.
- *Lenta ginestra : saggio sull'ontologia di Giacomo Leopardi.* Milano. Sugar & Co., 1987.
- *Fine secolo: un manifesto per l'operaio sociale.* Milano. Sugar & Co., stampa 1988.
- *Il lavoro di Giobbe : il famoso testo biblico come parabola del lavoro umano.* Milano. Sugar & Co., 1990.
- *Spinoza sovversivo: variazioni (in)attuali.* Roma. A. Pellicani, 1992.
- *Il potere costituente : saggio sulle alternative del moderno.* Carnago. Sugar & Co., 1992.
- *Des Entreprises pas comme les autres, Benetton en Italie* (con Maurizio Lazzarato, Yann Moulier-Boutang e G. Santilli). Paris. Publisud, 1993.

- *Labor of Dionysus. A critique of the State Form* (con Michael Hardt). Minneapolis (MA), University Minnesota Press, 1994.
- *L'inverno è finito : scritti sulla trasformazione negata, 1989-1995.* Roma. Castelvecchi, 1996.
- *La Bassin de travail immatériel dans la métropole parisienne* (con Maurizio Lazzarato e Antonella Corsani). Paris. L'Harmattan, 1996.
- *La costituzione del tempo : prolegomeni : orologi del capitale e liberazione comunista.* Roma. Manifestolibri, 1997.
- *I libri del rogo.* Roma. Castelvecchi, 1997.
- *Spinoza.* Roma. DeriveApprodi, 1998.
- *Empire* (con Michael Hardt). Cambridge (MA) ; London. Harvard university press, 2000.
- *Kairòs, alma venus, Multitudo: nove lezioni impartite a me stesso.* Roma, Manifestolibri, 2000.
- *Desiderio del mostro : dal circo al laboratorio alla politica* (con U. Fadini e Charles T. Wolfe). Roma. Il manifesto, 2001.
- *Du retour : abécédaire biopolitique : entretiens avec Anne Dufourmantelle.* Paris. Calmann-Levy, 2002.
- *L'Europa e l'impero : riflessioni su un processo costituente.* Roma. Manifestolibri, c2003.
- *Kritik der Weltordnung : Globalisierung, Imperialismus, Empire* [et al.]. Berlin. ID Verlag, 2003.
- *Guide : cinque lezioni su impero e dintorni* (con Michael Hardt e Danilo Zolo). Milano. R. Cortina, 2003.
- *Cinque lezioni di metodo su moltitudine e impero.* Soveria Mannelli. Rubbettino, 2003.
- *Luciano Ferrari Bravo ritratto di un cattivo maestro : con alcuni cenni sulla sua epoca.* Roma. Manifestolibri, 2003.
- *Diálogo sobre la globalización, la multitud y la experiencia argentina* (et alt.). Buenos Aires. Paidós, 2003.
- *Multitude. War and democracy in the age of Empire* (con Michael Hardt). New York, The Penguin Press, 2004.

- *La differenza italiana*. Roma. Nottetempo, 2005.
- *Movimenti nell'impero : passaggi e paesaggi*. Milano. R. Cortina, 2006.
- *Fabrique de porcelaine : pour une nouvelle grammaire du politique*. Paris, Stock, 2006.
- *Global : biopoder y luchas en una América latina globalizada* (con Giuseppe Cocco). Buenos Aires. Paidós, 2006.
- *Goodbye mr socialism*. Milano. Feltrinelli, 2006.
- *Europa politica. Ragioni di una necessità* (con Peter Wagner). Roma, Manifestolibri, 2006.
- *Dalla fabbrica alla metropoli: saggi politici*. Roma. Datanews, 2008.

Artigos (selección)

- "Problemi di storia dello Stato moderno. Francia: 1610-1650", en *Rivista critica di storia della filosofia*, núm. 2. 1967.
- "Partito operaio contro il lavoro", en *Crisi e organizzazione operaia*. Milano. Feltrinelli, 1974.
- "La filosofia tedesca fra i due secoli: neokantismo, fenomenologia, esistenzialismo", en Dal Pra, M.: *Storia della filosofia*. Milano. Vallardi, 1978.
- "L'Etat, les dépenses publiques : problèmes et perspectives", en *Critique de l'économie politique*, n°3, Maspéro, 1978.
- "Manifattura ed ideologia", en Schiera, P. (ed.): *Manifattura, società borghese, ideologia*. Roma. Savelli, 1978.
- "Polizeiwissenschaft", en *Futur Antérieur*, num. 1. Paris, printemps 1990.
- "De la transition au pouvoir constituant", en *Futur Antérieur*, num. 2. Paris, été 1990.
- "Espace politique neutralisé et nouvelle représentation". en *Futur Antérieur*, num. 4. Paris, hiver 1990.
- "Les conséquences philosophiques de la crise du Golfe", en *op. cit.*
- "Travail immatériel et subjectivité" (con Maurizio Lazzarato), en *Futur Antérieur*,

- num. 6. Paris, été 1991.
- “Sur l’ourlet de l’être”, en *Futur Antérieur*, num. 7. Paris, automne 1991.
 - “La Cinquième internationale de Jean-Paul II”, en *op. cit.*
 - “La pensée affaiblie” (con Jean-Marie Vincent), en *Multitudes*, num. spec. *Le gai renoncement*. Paris, aout 1991.
 - “Rawls: un formalisme fort dans la ‘pensée molle’”, en *op. cit.*
 - “Interpretation of the class situation today: methodological aspects”, en Bonnefeld, W., Gunn, R. and Psychopedis, K. (eds.): *Open Marxism, Volume II, Theory and practice*. London & Boulder/Colorado. Pluto Press, 1992.
 - “Luttes sociales et contrôle systémique”, en *Futur Antérieur*, num. 9. Paris, 1992/1.
 - “Valeur-travail : crise et problèmes de reconstruction dans le postmoderne”, en *Futur Antérieur*, num. 10. Paris, 1992/2.
 - “Paradoxes autour du travail” (con Jean-Marie Vincent), en *op. cit.*
 - “Infinité de la communication/finitude du désir”, en *Futur Antérieur*, num. 11. Paris, 1992/2.
 - “Los Angeles , l’Europe de Maastricht et le nouvel ordre mondial”, en *Futur Antérieur*, num. 12-13. Paris, 1992/4-5.
 - “Italie, année zéro”, en *Futur Antérieur*, num. 14. Paris, 1992/6.
 - “La république constituante”, en *Futur Antérieur*, num. 15. Paris, 1993/1.
 - “La première crise du postfordisme”, en *Futur Antérieur*, num. 16. Paris, 1993/2.
 - “Le laboratoire Italie”, en *Futur Antérieur*, num. 18. Paris, 1993/4.
 - “Relire Boltanski et Thévenot : sociologie et philosophie politique”, en *Futur Antérieur*, num. 19-20. Paris, 1993/5-6.
 - “Pour Althusser : notes sur l’évolution de la pensée du dernier Althusser”, en *Futur Antérieur*, num. spec. *Sur Althusser, passages*. Paris, décembre 1993.
 - “La "révolution" italienne et la "dévolution" de la gauche”, en *Futur Antérieur*, num. 22. Paris, 1994/2.
 - “Italie années 90 : crise et rénovation d’un modèle constitutionnel”, en *Futur Antérieur*, num. 23-24. Paris, 1994/3-4.
 - “L’école de la régulation face à de nouveaux problèmes”, en *Futur Antérieur*, num. spec. *École de la reglation et critique de la raison économique*. Paris, septembre 1994.

- “À quoi sert encore l’État”, en *Futur Antérieur*, num. 25-26. Paris, 1995/6.
- “La crise de l’espace politique”, en *Futur Antérieur*, num. 27. Paris, 1995/1.
- “Contre l’empire”, en *op. cit.*
- “Banlieue et ville : un regard philosophique” (con Jean-Marie Vincent), en *Futur Antérieur*, num. 30-31-32. Paris, 1995/4.
- “Tous ensemble”, en *op. cit.*
- “Réappropriations de l’espace public”, en *Futur Antérieur*, num. 33-34. Paris, 1996/1.
- “Marx et le travail : le chemin de la désutopie”, en *Futur Antérieur*, num. 35-36. Paris, 1996/2.
- “Le nouveau prolétariat européen a intérêt à l’Europe unie”, en *Futur Antérieur*, num. 37. Paris, 1996/3.
- “Machiavel selon Althusser”, en *Futur Antérieur*, num. spec. *Lire Althusser aujourd’hui*. Paris, avril 1997.
- “Le nouveau prolétariat européen a intérêt à l’Europe unie”, en *Futur Antérieur*, num. 37. Paris, 1996/3.
- “Prémises pour une définition politique des services publics”, en *Futur Antérieur*, num. 38. Paris, 1996/4.
- “Travail et affect”, en *Futur Antérieur*, num. 39-40. Paris, septembre 1997.
- “Leopardi européen”, en *Futur Antérieur*, num. 41-42. Paris, décembre 1997.
- “The specter’s smile”, en Sprinker, M. (ed.): *Ghostly demarcations: a symposium on Jacques Derrida’s “Specters of Marx”*. London. Verso, 1999.
- “La production biopolitique” (con Michael Hardt), en *Multitudes* num. 1. Paris, mars 2000.
- “Nécessité et liberté chez Spinoza : quelques alternatives”, en *Multitudes* num. 2. Paris, mai 2000.
- “L’Europe, une plaisanterie pour les sujets de l’Empire”, en *Multitudes* num. 3. Paris, novembre 2000.
- “Ainsi commença la chute de l’empire”, en *Multitudes* num. 7. Paris, décembre 2001.
- “Ruptures dans l’Empire, puissance de l’exode (entretien avec Giuseppe Cocco et Maurizio Lazzarato)”, en *op. cit.*
- “L’empire, la guerre , la sécurité”, en *Le passant ordinaire*, num. 30. Paris, mars-avr.

- 2002.
- “Pour une définition ontologique de la multitude”, en *Multitudes* num. 9. Paris, mai-juin 2002.
 - “La multitude en fuite, ou comment vider le pouvoir”, en *Conjoncture* num. 35. Québec, 2002.
 - “L’ordine della guerra”, en *Global magazine*. Italia, novembre 2002.
 - “Paix et guerre” (con Eric Alliez), en *Multitudes* num. 11. Paris, hiver 2003.
 - “Stratégies possibles pour l’Europe L’Europe est nécessaire. Est-elle possible ?”, en *Le passant ordinaire* num. 43. Paris, fevr-mars 2003.
 - “Machiavel ou les prospérités de la lutte (entretien avec Thomas Berns)”, en *Multitudes* num. 13. Paris, été 2003.
 - “Capitalisme cognitif et fin de l’économie politique”, en *Multitudes* num. 14. Paris, automne 2003.
 - “Faire l’Europe dans la mondialisation”, en *op. cit.*
 - “O trabalho da Multitudo e o exodo constituinte : O quilumbo argentino” (con Giuseppe Cocco), en *Multitudes* num. 14 (Compléments). *Sur L’argentine. Op. cit.*
 - “The kingdom of misfortune” (con Radar), en *op. cit.*
 - “Il governo e le prospettive della politica estera dell’Unione Europea nel quadro globale”, en *Multitudes* num. 14 (Compléments). *Sur L’Europe. Op. cit.*
 - “Mutations d’activités, nouvelles organisations” (con Michael Hardt), en *Mobilité et transformations du travail*. Archives thématiques du *Multitudes*. Paris, 2004.
 - “Travail autonome et biopolitique”, en *op. cit.*
 - “Interview inédite de Toni Negri sur les ‘années de plomb’”, en *Les années de plombe*. Bibliothèque diffuse du *Multitudes*. Paris, 2004.
 - “Pourquoi nous avons besoin d’une ‘Grande Charte’ multilatérale” (con Michael Hardt), en *op. cit.*
 - “Comprendre la violence du pouvoir”, en *Le passant ordinaire* num. 48. Paris, avr-juin 2004.
 - “Foucault entre le passé et l’avenir”. Revue de la FSU " Nouveaux Regards " n°26. Paris, Aout 2004.
 - “Spinozisti gioiosi”, en *Multitudes* num. 17. Paris, été 2004.
 - “Multitude : guerre et démocratie à l’époque de l’Empire” (con Michael Hardt), en

- Multitudes* num. 18. Paris, automne 2004.
- “Réponse à Pierre Macherey”, en *Multitudes* num. 22. Paris, automne 2005.
 - “Les Modulations chromatiques du biopouvoir au Brésil” (con Giuseppe Cocco), en *Multitudes* num. 23. Paris, hiver 2005-2006.
 - “Giselle Donnard nous a quittés”, en *Multitudes* num. 28. Paris, hiver-printemps 2007.
 - “Inventer le commun des hommes” (avec Judith Revel), en *Multitudes* num. 31. Paris, hiver 2008.
 - “La démocratie contre la rente”, en *Multitudes* num. 32. Paris, printemps 2008.
 - “Le rapport capital/travail dans le capitalisme cognitif” (con Carlo Vercellone), en *op. cit.*
 - “Le monstre politique. Vie nue et puissance”, en *Multitudes* num. 33. Paris, été 2008.

Traducions de libros ao castelán

- *Dominio y sabotaje*. Tradución de Santiago López Petit. Barcelona. El Viejo Topo, 1979.
- *Del obrero - masa al obrero –social. Entrevista sobre el obrerismo a cargo de Paolo Pozzi y Roberta Tommasini*. Tradución de Joaquim Jordà. Barcelona. Anagrama, 1980.
- *El tren de Finlandia*. Tradución de Carla Matteini. Madrid. Libertarias/Prodhufo, 1990.
- *Fin de siglo*. Tradución de Pedro Aragón Rincón. Barcelona. Paidós: I.C.E. de la Universidad Autónoma de Barcelona, 1992.
- *La anomalía salvaje : ensayo sobre poder y potencia en Baruch Spinoza*. Traducción de Gerardo de Pablo. Barcelona. Anthropos; México. Universidad Autónoma Metropolitana, 1993.
- *El poder constituyente : ensayo sobre las alternativas de la modernidad*. Tradución de Clara de Marco. Madrid. Libertarias/Prodhufo, 1994.
- *Las verdades nómadas : por nuevos espacios de libertad* (con Félix Guattari).

- Traducción de Carlos Prieto del Campo e Mario Domínguez Sánchez. Irún. Iralka, D.L. 1996.
- *El exilio*. Traducción de Raúl Sánchez Cedillo. Barcelona. El Viejo Topo, 1998.
 - *Las verdades nómadas ; General Intellect, poder constituyente, comunismo* (con Félix Guattari). Traducción de Carlos Prieto del Campo e Mario Domínguez Sánchez. Madrid. Akal, D.L. 1999.
 - *Spinoza subversivo : variaciones (in)actuales*. Traducción de Raúl Sánchez Cedillo. Madrid. Akal, D.L. 2000.
 - *Arte y multitud : ocho cartas*. Traducción de Raúl Sánchez Cedillo. Madrid. Trotta, D.L. 2000.
 - *Marx más allá de Marx : cuaderno de trabajo sobre los "Grundrisse"*. Traducción de Carlos Prieto del Campo. Madrid. Akal, 2001.
 - *Imperio* (con Michael Hardt); Traducción de Alcira Bixio. Barcelona. Paidós, 2002.
 - *Del retorno : Abecedario biopolítico*. Traducción de Inés Bértolo. Barcelona. Debate, 2003.
 - *Crisis de la política : escritos sobre Marx, Keynes, las crisis capitalistas y las nuevas subjetividades*. Traducción de Gisela Catanzaro. Buenos Aires. El cielo por asalto, cop. 2003.
 - *Job, la fuerza del esclavo*. Traducción de Alcira Bixio. Buenos Aires. Paidós, 2003.
 - *La forma-Estado*. Traducción de Raúl Sánchez Cedillo. Madrid. Akal, D.L.2003.
 - *El trabajo de Dionisos* (con Michael Hardt). Traducción de Raúl Sánchez Cedillo. Madrid. Akal, 2003.
 - *Fin del invierno: escritos sobre la transformación negada (1989-1995)*. Edición de Giuseppe Caccia. Buenos Aires. La isla de la luna, 2004.
 - *Multitud : Guerra y democracia en la era del imperio* (con Michael Hardt). Traducción de Juan Antonio Bravo. Barcelona. Debate, 2004.
 - *Guías : cinco lecciones en torno a Imperio* (con Michael Hardt y Danilo Zolo). Traducción de Rosa Rius e Pere Salvat. Barcelona. Paidos , 2004.
 - *La fábrica de la estrategia : 33 lecciones sobre Lenin*. Traducción de Oscar Chávez Hernández. Madrid. Akal, 2004.
 - *Los libros de la autonomía obrera : antagonismo, organización, comunismo, hipótesis para la nueva política del sujeto hiperproletario global*. Traducción de

- Marta Malo de Molina Bodelón e Raúl Sánchez Cedillo. Madrid. Akal, 2004.
- *Europa y el imperio : reflexiones sobre un proceso constituyente*. Traducción de Marta Malo de Molina Bodelón e Raúl Sánchez Cedillo. Madrid. Akal, D.L. 2005.
 - *Movimientos en el imperio : pasajes y paisajes*. Traducción de Carmen Revilla. Barcelona. Paidós, D.L.2006.
 - *Fábricas del sujeto / ontología de la subversión : antagonismo, subsunción real, poder constituyente, multitud, comunismo*. Traducción de Marta Malo de Molina Bodelón e Raúl Sánchez Cedillo. Madrid. Akal, 2006.
 - *La fábrica de porcelana : Una nueva gramática de la política*. Traducción de Susana Lauro. Barcelona. Paidós, 2008.
 - *Goodbye Mr. Socialism : la crisis de la izquierda y los nuevos movimientos revolucionarios : conversaciones con Raf Valvola Scelsi*. Traducción de Rosa Rius Gatell e Carme Castells Auleda. Barcelona. Paidós, D.L. 2007.
 - *Descartes político o de la razonable ideología*. Traducción de Marta Malo de Molina Bodelón. Tres Cantos (Madrid). Akal, D.L. 2008.

2. ESTUDIOS SOBRE NEGRI

- Albiac, G.: *Todos los héroes han muerto*. Madrid. Ediciones Libertarias, 1986.
- Biond, M., Caruso, S., Magherini, G. e Tani F.: *Quel maledetto cielo. Su "Il dominio e il sabotaggio" di Antonio Negri*. Firenze. Valecchi, 1984.
- Preve, C.: *La teoria a pezzi. La dissoluzione del paradigma teorico operaista in Italia (1976-1983)*. Bari. Dedalo, 1984.
- Hardt, M.: *The art of organization: foundations of a political ontology in Gilles Deleuze and Antonio Negri*. Seattle. University of Washington, 1990.
- Kohan, N.: *Toni Negri y los desafíos de "Imperio"*. Madrid. Campo de ideas, 2002.
- Boron, A. A.: *Impero & imperialismo : una lettura critica di Michael Hardt e Antonio Negri*. Milano. Punto rosso, stampa 2003.
- Balakrishnan, G. (ed.): *Debating empire*. London ; New York. Verso, 2003.

- Passavant, P. A. and Dean, J. (eds.): *Empires new clothes : reading Hardt and Negri*. New York and London. Routledge, 2004.
- Murphy, T. S. and Mustapha, A.-K. (eds.): *Resistance in practice : the philosophy of Antonio Negri*. London. Pluto, 2005.
- Pieper, M. (ed.): *Empire und die biopolitische Wende : die internationale diskussion im anschluss an Hardt und Negri*. Frankfurt am Main. Campus, c2007.
- Dardot, P.; Laval, C. et Mouhoud, E.: *Sauver Marx? : empire, multitude, travail immatériel*. Paris. La Découverte, 2007.

3.- AUDIOVISUAL:

- *Retour vers le futur*, réalisé par Maurizio Lazzarato et Raffaele Ventura, produit par l'Yeux ouverts (BP624, 92006 Nanterre Cedex), 1998.
- *N de Negri*. Barcelona, Tinta edicions, 2000.
- *Toni Negri, L'eterna rivolta*. History channel, 2006.

BIBLIOGRAFÍA ESPECÍFICA UTILIZADA

- *Archipiélago 54*. Madrid, 2003.
- Balestrini, N.: *Vogliamo tutto*. Milano, Feltrinelli, 1971.
- Balestrini, N. e Moroni, P.: *La horda de oro (1968-1977)*. Traducción de M. Bogazzi, H. Arbide, P. Iglesias, J. Bonet i Martí, D. Gámez, J. Gual, R. Sánchez Cedillo e A. Méndez. Madrid, Traficantes de sueños, 2006.
- Bascetta, M., Bonsignori, S., Petrucciani, S. e Carlini, F. (eds.): *1968. Una revolución mundial* (CD-ROM/libro). Traducción de Luis Peña Molero, Carlos Prieto del Campo, Ricardo Russo e Francisca Sánchez Peiró. Madrid, Akal, 2001.
- Beck, U.: *¿Qué es la globalización?* Traducción de Bernardo Moreno e M^a Rosa Borrás. Barcelona, Paidós, 1997.
- Castillo Mendoza, C. e García López, J.: “Marx, entre el trabajo y el empleo”. *Documento de Trabajo* 2001-23. Madrid, Facultad de Ciencias Económicas y Empresariales. Universidad Complutense, 2001 (en internet: www.ucm.es/BUCM/cee/doc/01-23/0123.htm).
- Deleuze, G.: *Conversaciones 1972-1990*. Traducción de José Luis Pardo. Valencia, Pre-textos, 1995.
- * *Course de Vincennes sur Spinoza*, 12-12-1980. Disponible en *En medio de Spinoza*. Traducción do equipo editorial Cactus. Buenos Aires, Cactus, 2006; tamén en internet en <http://www.webdeleuze.com/php/texte.php?cle=10&groupe=Spinoza&langue=1>
- * *Lógica del sentido*. Traducción de Miguel Morey. Barcelona, Paidós, 2005.
- Ferrer, Ch. (Comp.): *El lenguaje literario, T^o2*. Montevideo, Nordan, 1991.
- Jameson, F.: *Teoría de la postmodernidad*. Traducción de Celia Montolío Nicholson e Ramón del Castillo. Madrid, Trotta, 1996.
- Mancini, S.: *Socialismo e democrazia diretta*. Bari, Dedalo, 1977.
- Martínez, F. J.: *Ontología y diferencia. La filosofía de Gilles Deleuze*. Madrid, Orígenes, 1987.
- Marx, K.: *El Capital. Libro I. Capítulo VI (inédito)*. Traducción de Pedro Scaron. Madrid, S. XXI, 1974.
- * *Elementos fundamentales para la crítica de la economía política (Grundrisse) 1857-*

1858. *Volumen I*. Traducción de José Aricó, Miguel Murmis e Pedro Scaron. Madrid, S. XXI, 1971.
- * *Elementos fundamentales para la crítica de la economía política (Grundrisse) 1857-1858. Volumen II*. Traducción de José Aricó, Miguel Murmis e Pedro Scaron. Madrid, S. XXI, 1971.
 - * *La ideología alemana*. Traducción de Manuel Sacristán. Barcelona, Crítica, 1977.
 - * *Líneas fundamentales de la crítica de la economía política (Grundrisse), I. OME vol. 21*. Edición dirigida por Manuel Sacristán. Traducción de Javier Pérez Royo. Barcelona, Crítica, 1977.
 - Marx, K. e Engels, F.: *El Capital. Libro I*. Traducción de Wenceslao Roces. México, Fondo de Cultura Económica, 1966.
 - Monereo, M., e Riera, M. (Dirs.), *Porto Alegre. Otro mundo es posible*. Barcelona, El viejo topo, 2001.
 - Mughini, G.: *Cultura e ideologia della nuova sinistra*. Milano, Comunità, 1973.
 - Spinoza, B.: *Ética*. Traducción de Vidal Peña. Madrid, Alianza, 1999.
 - Sweezy, P.: *Teoría del desarrollo capitalista*. Traducción de Hernán Laborde. México, Fondo de Cultura Económica, 1963.
 - Taibo, C.: *Movimientos antiglobalización*. Madrid, Los libros de la Catarata, 2007.